Vivendas rematadas en Galicia e España 2013-14

	Vivendas libres			Vivendas protexidas			Total		
	2013	2014	14/13 (%)	2013	2014	14/13 (%)	2013	2014	14/13 (%)
Galicia	3.188	2.624	-17,7	439	42	-90,4	3.627	2.666	-26,5
A Coruña	1.526	1.306	-14,4	176	24	-86,4	1.702	1.330	-21,9
Lugo	320	239	-25,3	237	17	-92,8	557	256	-54,0
Ourense	387	195	-49,6	19	1	-94,7	406	196	-51,7
Pontevedra	955	884	-7,4	7	-	-100,0	962	884	-8,1
España	43.230	35.226	-18,5	17.059	15.046	-11,8	60.289	50.272	-16,6
Galicia/España (%)	7,4	7,4		2,6	0,3		6,0	5,3	

Fonte: Ministerio de Fomento, *Vivienda y actuaciones urbanas*

3.2.28.

Edificación e vivendas en Galicia e España 2012-13: datos xerais

	Galicia		España	
	2012	2013	2012	2013
Edificación de nova planta				
Edificios a construír	1.657	1.229	28.956	24.052
Residencial	1.233	847	21.038	16.267
Non residencial	424	382	7.918	7.785
			(en miles m²)	
Superficie a construír	888	532	17.953	13.068
Residencial	543	331	11.585	6.573
Non residencial	345	201	6.368	6.495
Vivendas a construír	2.192	1.320	57.543	31.236
Obras de rehabilitación				
Edificios a rehabilitar	1.276	1.212	29.154	25.227
Vivendas creadas en rehabilitación	505	347	7.456	5.286
Obras de demolición				
Edificios a demoler	180	144	6.941	5.725
Vivendas a demoler	356	268	7.509	6.424
Total vivendas	2.341	1.399	57.490	30.098

Fonte: Ministerio de Fomento, *Licencias municipales de obras*

3.2.29.

O devandito descenso prodúcese nas catro provincias galegas, sendo a de Pontevedra a que sofre a caída menos acusada cun –8,1% en relación ao ano anterior (78 vivendas). No extremo oposto atópanse Lugo e Ourense, con descensos superiores ao 50% (301 e 210 vivendas rematadas menos, respectivamente), situándose A Coruña como a provincias con maior redución en termos absolutos, con 372 vivendas finalizadas menos (21,9%).

O número de edificios de nova planta a construír en Galicia no ano 2013 foi de 1.229 (847 edificios residenciais), cunha superficie de 532 miles de metros cadrados (en edificación residencial, 331 miles de metros cadrados). O número de vivendas a construír reduciuse un 40%, ata acadar as 1.320.

Por outra banda, o número de licencias municipais para rehabilitación de vivendas diminúe ata as 1.212, un 5% menos que no ano 2012, sendo o número de licencias para demolición de edificios 144, 36 menos que no ano anterior. No ano 2013, o número total de vivendas en rehabilitación foi de 347 e o de vivendas a demoler, de 268.

Paralelamente ao descenso da actividade

Visados de dirección de obra en Galicia e España 2013-14: distribución segundo tipo de obra

Obra nova

	Galicia			España		
	2013	2014	14/13	2013	2014	14/13
			(%)			(%)
Total edificios	1.099	935	-14,9	16.676	16.573	-0,6
Uso residencial	934	784	-16,1	12.868	13.003	1,0
Servizos comerciais	38	35	-7,9	1.379	1.217	-11,7
Uso industrial	27	22	-18,5	300	306	2,0
Outros	100	94	-6,0	2.129	2.047	-3,9
			(en m²)			
Superficie a construír	549.212	629.482	14,6	10.243.162	10.070.731	-1,7
Uso residencial	373.548	330.853	-11,4	6.860.046	7.017.379	2,3
Servizos comerciais	94.850	109.666	15,6	1.142.133	1.002.263	-12,2
Uso industrial	22.166	29.155	31,5	502.304	424.801	-15,4
Outros	58.648	159.808	172,5	1.738.679	1.626.288	-6,5
			(en miles de euros)			
Presuposto de execución	217.390	209.524	-3,6	4.485.797	4.454.580	-0,7
Uso residencial	159.472	132.682	-16,8	3.154.611	3.284.290	4,1
Servizos comerciais	29.798	21.819	-26,8	401.918	309.020	-23,1
Uso industrial	7.836	9.857	25,8	128.417	115.960	-9,7
Outros	20.284	45.166	122,7	800.851	745.310	-6,9

Obras de ampliación

	Galicia			España		
	2013	2014	14/13	2013	2014	14/13
Total edificios	127	95	-25,2	2.399	2.116	-11,8
Vivendas	87	52	-40,2	1.708	1.450	-15,1
Outros	40	43	7,5	691	666	-3,6
			(en m²)			
Superficie a construír	53.705	33.124	-38,3	761.682	1.192.890	56,6
Vivendas	19.230	7.705	-59,9	276.501	226.802	-18,0
Outros	34.475	25.419	-26,3	485.181	966.088	99,1
			(en miles de euros)			
Presuposto de execución	18.272,3	12.920,0	-29,3	270.912,8	330.221,9	21,9
Vivendas	8.095,0	3.163,0	-60,9	124.991,5	105.984,4	-15,2
Outros	10.177,3	9.757,0	-4,1	145.921,3	224.237,5	53,7

Obras de reforma e/ou restauración

	Galicia			España		
	2013	2014	14/13	2013	2014	14/13
			(en m²)			
Total edificios	1.153	1.274	10,5	27.303	28.067	2,8
Vivendas	916	1.008	10,0	22.290	22.413	0,6
Outros	237	266	12,2	5.013	5.654	12,8
			(en miles de euros)			
Presuposto de execución	73.766,1	75.178,5	1,9	1.450.572,8	1.590.269,6	9,6
Vivendas	51.558,0	54.633,0	6,0	793.044,1	822.201,9	3,7
Outros	22.208,1	20.545,5	-7,5	657.528,7	768.067,7	16,8

Fonte: Ministerio de Fomento, *Obras en edificación*

3.2.30.

económica e da demanda residencial, continúa a forte redución nos visados de dirección de obra nova, que en 2014 foi de case o quince por cento. O **cadro 3.2.30.** sinala que dos 935 edificios visados no último ano, 784 corresponderon a edificios para uso residencial (16,1% inferior ao do ano anterior). Mentres que a superficie total a construír aumentou un 14,6%, situándose nos 629,5 miles de metros cadrados, a dedicada a usos residenciais reduciuse un 11,4%, acadando os 330,9 mil metros cadrados.

O orzamento de execución ralentiza consi-

Certificacións de fin de obra en Galicia e España 2013-14

	Galicia		España	
	2013	2014	2013	2014
Certificados de fin de obra	1.406	1.087	35.196	29.748
Edificios	1.462	1.123	38.380	32.121
Promotor privado	1.451	1.117	37.356	31.026
Persoas físicas e Cominidades de propietarios	1.174	880	26.660	22.374
Sociedades mercantís	245	211	8.992	7.289
Cooperativas	5	2	283	217
Outros	27	24	1.421	1.146
Administracións públicas	11	6	1.024	1.095
Vivendas	2.708	1.627	64.817	46.822
Promotor privado	2.703	1.627	64.149	46.340
Persoas físicas e Comunidades de propietarios	928	626	21.184	15.702
Valor de liquidación da execución material das obras *(en millóns de euros)*	292,9	210,2	8.313,8	6.512,7

Fonte: Ministerio de Fomento, *Obras en edificación*

3.2.31.

derablemente a súa caída en relación ao ano precedente, cunha redución do 3,6%, acadando os 209,5 millóns de euros, dos que 132,7 millóns (16,8% menos que no ano anterior) corresponderon a uso residencial.

Ao longo do último ano, en Galicia concedéronse un total de 35 visados de dirección de obra nova no caso de servizos comerciais e almacéns, tres menos que en 2013. A pesar deste descenso a superficie total a construír medra un 15,6% se ben o presuposto de execución redúcese en oito millóns de euros ata os 21,8 millóns de euros.

Os visados de dirección de obra nova correspondentes a uso industrial descenderon ata os 22 (cinco menos que en 2013) pero, a diferenza do acontecido no ano anterior, aumenta significativamente tanto a superficie a construír como o orzamento de execución. A superficie a construír foi de 29,2 mil metros cadrados (un 31,5% máis que no ano precedente) e o orzamento de execución ascendeu ata os 9,9 millóns de euros (un 25,8% superior).

No que respecta ás obras de ampliación, o número de visados volveu a descender novamente concedéndose un total de 95 visados (32 menos que en 2013), dos que 52 visados corresponderon a vivendas. A superficie total a construír reduciuse ata os 33.124 metros cadrados, un 38,3% inferior á do ano anterior, e o orzamento de execución o fico ata os 12,9 millóns de euros (5,3 millóns de euros menos que o presupostado no exercicio anterior).

Por contra, o número de visados de obras de reformas e/ou restauración aumenta ata os 1.274 visados concedidos (121 máis que en 2013), incrementándose o seu orzamento de execución ata os 75,2 millóns de euros (un 1,9% superior ao do ano anterior).

Xunto á redución no número de visados de obras, o número total de certificacións de fin de obra, isto é declaradas finalizadas e con conformidade, descendeu en Galicia ata as 1.087, 319 certificacións menos que no ano 2013, o que representa o 3,7% das certificacións no conxunto do Estado (4% no ano anterior). Tendo en conta que os datos sobre número de certificados de fin de obra recollen, exclusivamente, traballos de certificación en obra nova, ampliación e reforma e/ou restauración de edificios, ao longo do último ano descendeu o número de edificios nun 23,2% e o de vivendas caeu case un 40%. O **cadro 3.2.31.** indica que o número total de edificios rematados foi de 1.123, dos que 1.117 corresponden a promotores

Hipotecas de fincas urbanas en Galicia e España 2013-14

	Hipotecas constituidas			Importe medio		
	2013	2014	14/13	2013	2014	14/13
				(en miles de euros)		
Galicia	16.986	14.893	-12,3	92,0	100,1	8,8
A Coruña	7.284	7.287	0,0	104,5	96,1	-8,1
Lugo	2.690	1.440	-46,5	67,7	155,3	129,3
Ourense	1.304	1.185	-9,1	81,1	98,1	21,0
Pontevedra	5.708	4.981	-12,7	90,0	90,5	0,6
España	326.978	314.018	-4,0	114,6	131,1	14,4
Galicia / España *(%)*	5,2	4,7		80,3	76,3	

Fonte:INE, *Estadística de hipotecas*

3.2.32.

Tipo medio dos préstamos hipotecarios 2008-14

	A máis de tres anos Entidades de crédito España			Entre 1 e 5anos. Entidades de crédito Zona euro
	bancos	caixas de aforros	total entidades	total entidades
			(medias anuais)	
2008	5,780	5,921	5,857	
2009	3,151	3,653	3,439	
2010	2,508	2,972	2,770	
2011	3,259	3,498	3,383	
2012	3,282	3,613	3,416	
2013			3,353	3,093
2014			3,004	2,818

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

3.2.33.

privados e 6 a administracións públicas. O número de vivendas rematadas acadou as 1.627, todas elas pertencentes a promotores privados.

Dentro dos indicadores de demanda no ámbito da vivenda, destaca, o relacionado co número de hipotecas constituídas. Os datos do INE amosan que no conxunto do ano 2014 descende o número de hipotecas constituídas tanto en Galicia como no Estado, sendo máis acusado en Galicia (–12,3% e –4%, respectivamente). Na Comunidade Autónoma galega constituíronse 14.893 hipotecas urbanas, o que representa o 4,7% do total estatal, cinco décimas menos que no ano anterior. O **cadro 3.2.32.** reflicte que as provincias galegas, agás A Coruña que mantén nos mesmos niveis que en 2013, presentan reducións do número de hipotecas constituídas, correspondendo a Lugo a caída máis importante, con 1.250 hipotecas menos, seguida por Pontevedra e Ourense, con 727 e 119 hipotecas menos que no ano anterior.

A pesar do descenso no número de hipotecas constituídas sobre vivendas urbanas en Galicia, o seu importe medio increméntase novamente no último, acadando un importe medio superior aos cen mil euros, un 8,8% superior ao rexistrado en 2013. O importe medio das hipotecas urbanas constituídas no conxunto do Estado tamén presenta unha medra en relación ao ano anterior, se ben este de xeito máis intenso que en Galicia (14,4%), superando de media os 113 mil euros.

Os datos facilitados polo INE reflicten que o único descenso no importe medio das hipotecas produciuse na provincia de A Coruña,

Compravenda de vivendas en Galicia e España 2008-14 (1)

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
2008	26.590	11.654	3.904	3.079	7.953	552.080
2009	21.292	9.380	2.955	2.361	6.596	413.393
2010	22.570	10.344	3.119	2.728	6.379	439.591
2011	16.437	7.295	2.299	1.944	4.899	359.824
2012	14.534	6.597	1.820	1.634	4.483	318.534
2013	12.568	5.286	2.047	1.365	3.870	312.593
2014	11.935	5.093	1.827	1.191	3.824	319.389
14/13	-633	-193	-220	-174	-46	6.796
14/08	-14.655	-6.561	-2.077	-1.888	-4.129	-232.691

(1) datos 2014 son provisionais
Fonte: INE, *Estadística de transmisión de derechos de la propiedad*

3.2.34.

cun 8,1% menos, fronte aos incrementos nas provincias de Lugo (129,3%), Ourense (21% menos) e Pontevedra (0,6% menos). O importe medio máis elevado de Galicia corresponde á provincia de Lugo (155,3 miles de euros) e o máis reducido á de Pontevedra (90,5 miles de euros).

As compravendas de vivendas rexistradas en Galicia continúa baixando no ano 2014, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado. Os datos provisionais presentados polo INE indican que no ano 2014 realizáronse en Galicia un total de 11.935 transaccións de compravendas, o que supón un 5% menos que no ano anterior (aumenta un 2,2% de redución media en España). Esta redución é común a todas as provincias galegas, producíndose a máis acusada en Lugo, con 220 compravendas menos, seguido por A Coruña, con 193. En termos por habitante, Galicia realiza 530 transmisións por cada cen mil habitantes, o que a sitúa tan só por diante de Ceuta (512 compravendas) e moi por baixo da media estatal, que ascende a 865.


No ano 2014 séguese a producir o axuste necesario entre oferta e demanda de vivenda, de xeito que no último ano o número de compravendas en Galicia é 4,5 veces superior ao número de vivendas terminadas fronte ao 3,5 do ano precedente.

O valor medio do Índice de Prezos da Vivenda no ano 2014 segue unha tendencia dispar en Galicia e no conxunto do Estado. Mentres que España o índice xeral de prezos aumenta lixeiramente en relación ao ano anterior (dúas décimas) para situarse en 64,5 puntos (2007=100), este índice xeral mantén a súa caída en Galicia e acada un valor medio de 72,7 puntos, case un punto menos que no ano anterior. Esta distinta evolución apréciase tanto no caso da vivenda nova como na de segunda man, descendendo o valor do índice de prezos en Galicia dúas décimas no caso da vivenda nova (78,5 puntos) e seis no de segunda man (64,6 puntos en 2014), mentres que no conxunto do Estado, o índice aumenta seis décimas no caso da vivenda nova e unha no de segunda man, acadando os 73,1 puntos e 58,0 puntos, respectivamente.

Servizos

Tras dous anos seguidos con taxas de crecemento negativas do VEB xerado polo sector terciario, 2014 presenta unha medra interanual do 1,5%. En termos monetarios, o valor engadido bruto ascendeu a 34.017 millóns de euros, o que representa o 62,7% do PIB galego, máis de cinco puntos porcentuais inferior á media estatal (67,9%). Os datos da Contabilidade rexional de España indican que Galicia xera o 4,7 % do valor

Evolución do VEB e do emprego nos servizos 2000-2013 (1)



(1) VEB pm, prezos correntes, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 03-03-2015)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais. Base 2008*

3.2.35.

engadido bruto total do sector no conxunto do Estado, o que a sitúa como a sexta Comunidade con maior peso relativo, por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía, Valencia e País Vasco.

A mellora da actividade no sector servizos reflíctese nun incremento do emprego. As contas económicas indican que o traballo equivalente a tempo completo medra en Galicia un 1,2% no último ano, rexistrándose este positivo comportamento nas Actividades inmobiliarias (4%), o subsector da Administración pública, sanidade e educación (3,3%) e as Actividades profesionais (2,4%). Por contra, o emprego descende nas Actividades financeiras e de seguros, Comercio, transporte e hostalería e Información e comunicacións.


De xeito similar, a EPA sinala unha medra da ocupación no sector, que ven explicada fundamentalmente polo incremento da poboación ocupada no subsector de actividades sanitarias e de servizos sociais (6.600 ocupados máis), nas actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares (3.800) e na educación (3.100) que compensa os descensos no comercio por xunto e ao retallo (4.000), transporte e almacenamento (2.000), actividades financeiras e de seguros (1.900 ocupados menos) ou na hostalería (1.700). No último ano, o 71,2% dos traballadores ocupados en Galicia o está no sector servizos (710.500 persoas), salientando por riba de todos o subsector do comercio, con case 145.000 persoas ocupadas, o 20% do emprego no sector *[**cadro 2.1.10.**- Poboación ocupada en Galicia e España 2013: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadada]*.

- **Comercio**

A actividade comercial está claramente influenciada pola evolución da demanda en xeral e do consumo privado en particular. Mentres que en 2013 a demanda interna en Galicia presentaba unha achega negativa ao crecemento agregado do PIB e o consumo privado descendera un 2,3%, no último ano a demande interna é o motor de crecemento en Galicia, aumentando o gasto dos fogares un 0,5%.

O volume de vendas do comercio minorista racha en 2014 coa súa caída iniciada en 2008 mantendo un índice medio similar ao do ano anterior. Esta evolución positiva do índice de vendas polo miúdo no último ano non se traslada totalmente ao mercado de traballo, xa que o índice de ocupación des-

Comercio interior minorista 2007-14: taxa de variación do índice de vendas e do índice de ocupación



Fonte: INE, *Índice de comercio al por menor*

3.2.36.

Indicadores do comercio minorista en Galicia e España 2012-13

	Empresas (1)			Locais (1)			Emprego		
	2012	2013	13/12	2012	2013	13/12	2012	2013	13/12
Galicia	31.022	31.469	1,4	38.743	38.031	-1,8	107.956		-100,0
España	477.463	485.987	1,8	592.172	583.908	-1,4	1.828.694		-100,0

(1) Dirce, datos a 31 decembro

Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad

3.2.37.

cende un 0,4% en relación á media do ano anterior. Coma se aprecia no **cadro 3.2.36.**, no ano 2014 o sector mantén un peor comportamento que o rexistrado no conxunto do Estado, onde as vendas medran un 0,9% e a ocupación un 0,1%.

O número de establecementos de comercio ao retallo a 31 de decembro de 2013 en Galicia era de 38.031, o que supón un descenso de 712 establecementos en relación á mesma data do ano anterior (–1,8%). Ao longo dos últimos cinco anos, o número de locais de comercio ao retallo descendeu en Galicia un 6,5% (2.650 locais), máis dun punto por riba da media española (5,4%).

O número de empresas de comercio ao retallo existentes a 31 de decembro de 2013 era de 31.469, o que supón un incremento do 1,4% en relación ao ano anterior, catro décimas menos que a media estatal.

Grao de ocupación e estadía media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2008-14 (1)

Galicia

	Grao de ocupación por praza			Estadía media
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	Total
2008	34,0	56,6	21,9	2,21
2009	32,4	56,2	19,4	2,19
2010	34,1	59,6	17,9	2,15
2011	29,8	53,3	17,2	2,14
2012	28,5	50,9	15,3	2,07
2013	29,6	54,4	15,8	2,00
2014	30,7	55,7	15,9	1,95

España

	Grao de ocupación por praza			Estadía media
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	Total
2008	52,0	71,9	36,4	3,24
2009	49,3	67,6	34,9	3,25
2010	49,3	70,1	34,4	3,26
2011	53,5	72,6	36,3	3,36
2012	52,1	70,2	36,6	3,38
2013	53,0	71,9	35,8	3,41
2014	54,8	74,0	38,4	3,36

(1) datos 2014 son provisionais
Fonte: INE, *Encuesta de ocupación hotelera*

3.2.38.

Finalmente destacar que no conxunto do Estado o comercio ao retallo, agás vehículos de motor, aumenta no ano 2014 un 1,6% en relación ao ano precedente (28.071 afiliacións máis), permanecendo practicamente constante en Galicia, cunha medra do 0,3% (296 afiliacións). Tras esta evolución, a ocupación nesta rama de actividade sitúase en 104.308 afiliacións, o que representa o 5,9% do total estatal.

• Turismo

Os datos do sector turístico correspondentes ao ano 2014 confirman a mellora do sector en termos de número de viaxeiros e pernoitas nos establecementos hoteleiros así como no que se refire ao grao de ocupación. No último ano o número de viaxeiros superou os 3.600.000 e o de pernoitas os sete millóns, situándose o grado de ocupación por praza no 30,7%. Non obstante, continúa o descenso da estadía media nestes establecementos, que no conxunto do ano foi de 1,95 días de media.

O número de viaxeiros chegados aos establecementos hoteleiros no ano 2014 ascendeu en Galicia ata os 3.615.588 (241.428 persoas máis que en 2013), o que representa o 4,1% dos viaxeiros no conxunto do Estado. En relación ao ano anterior, rexístrase un incremento do 7,2%, sendo este moito máis acusado no caso da chegada de viaxeiros estranxeiros que no dos residentes no estado español (4,1% e 16,5%, respectivamente). Este incremento no número de viaxeiros en Galicia é superior ao rexistrado no conxunto do Estado (4,2%), por mor tanto da mellor evolución experimentada no caso dos viaxeiros españois como estranxeiros, que aumentan en España un 2,6% e 10,3%, respectivamente. Tras esta evolución, redúcese lixeiramente o elevado peso relativo dos viaxeiros de nacionalidade española, que representan o 73,3% do total, 22,4 puntos por riba da media estatal.

A provincia de A Coruña segue a ser a que acolle o maior número de viaxeiros, con 1.678.543 turistas, superando a Ponteve-

Viaxeiros, pernoitas e estadía media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2013-14 (1)

2013

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadía media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	3.374.160	2.545.254	828.906	6.761.685	5.344.171	1.417.514	2,00
A Coruña	1.540.808	1.045.444	495.364	2.951.168	2.109.584	841.584	1,92
Lugo	557.464	420.549	136.915	861.908	695.830	166.079	1,55
Ourense	267.088	242.037	25.051	493.741	441.118	52.623	1,85
Pontevedra	1.008.800	837.224	171.576	2.454.868	2.097.639	357.228	2,43
España	83.820.919	42.569.374	41.251.545	286.030.160	100.633.927	185.396.233	3,41

2014

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadía media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	3.615.588	2.649.508	966.080	7.044.824	5.480.621	1.564.203	1,95
A Coruña	1.678.543	1.099.476	579.067	3.157.717	2.218.347	939.370	1,88
Lugo	634.229	453.511	180.718	947.032	733.034	213.998	1,49
Ourense	260.856	238.008	22.848	495.213	446.705	48.508	1,90
Pontevedra	1.041.960	858.513	183.447	2.444.862	2.082.535	362.327	2,35
España	87.599.030	44.535.268	43.063.762	294.416.320	104.170.705	190.245.615	3,36

(1) datos 2014 son provisionais
Fonte: INE, *Encuesta de ocupación hotelera*

3.2.39.


dra, que acada os 1.041.960 viaxeiros. En relación ao ano anterior, A Coruña rexistra o maior incremento en termos absolutos, con case 138 mil viaxeiros máis, correspondendo á provincia de Lugo o maior incremento en termos relativos, co 13,8% (case 77 mil viaxeiros máis). Pola contra, como se desprende co **cadro 3.2.39.**, a provincia de Ourense perde máis de seis mil viaxeiros, experimentando esta caída tanto no caso dos turistas de nacionalidade española como estranxeira.

Asociado ao incremento de viaxeiros, no ano 2014 prodúcese, tanto en Galicia como en España, un aumento paralelo nas pernoitas en establecementos hoteleiros. Ao longo do último ano, as pernoitas experimentaron en Galicia unha mellora do 4,2% respecto aos datos do ano precedente, superando os sete millóns. Ao igual que acontece co número de viaxeiros, o incremento das pernoitas a nivel galego é superior á medra estatal, que se sitúa no 2,4%.

Tendo en conta que o aumento no número de viaxeiros é, en termos relativos, superior ao do número de pernoitas, a estadía media nos establecementos hoteleiros galegos redúcese lixeiramente ata os 1,95 días (no conxunto do Estado situouse nos 3,36 días). En Galicia, a estadía media dos viaxeiros estranxeiros descende unha décima en relación ao ano anterior, acadando os 1,62 días, mentres que se mantén practicamente estable a estadía media dos viaxeiros residentes en España (2,07 días). Como se reflicte no devandito **cadro 3.2.39.**, a estadía media dos turistas estranxeiros no conxunto do Estado foi de 4,42 días e a dos viaxeiros españois, de 2,34 días.

Xunto co devandito elevado peso relativo do turismo estatal, outra das debilidades que caracterizan o sector é a alta estacionalidade. Así, o grao de ocupación hoteleira por praza no mes de agosto en Galicia é do 55,7%, case corenta puntos por riba do rexistrado en xaneiro. Para o conxunto de España, estas porcentaxes acadan o 74% en agosto e o 38,4% no mes de xaneiro. No conxunto do ano, o grao de ocupación ho-

Viaxeiros e pernoctacións 2008-14: taxa de variación e distribución segundo orixe



(1) datos 2014 son provisionais
Fonte: INE, *Encuesta de ocupación hotelera*

3.2.40.

teleira por praza sitúase no ano 2014 no 30,7%, 1,1 puntos porcentuais superior ao do ano anterior, aínda que lonxe da media estatal, que foi do 54,8%.

O índice de prezos hoteleiros en Galicia ralentiza a súa caída no último ano, presentando unha taxa de variación interanual negativa do 0,9% (–3,1% no ano precedente). Por contra, no conxunto do Estado o índice de prezos medrou un 1,4%, a diferenza do sucedido en 2013 cando rexistrara un descenso do 0,3%.

A pesar do incremento no número de viaxeiros e de pernoitas, a redución da estadía media así como dos ingresos medios diarios obtidos por habitación ocupada, manteñen o pesimismo sobre o futuro do sector que se reflicte nos datos proporcionados polo Indicador de Confianza Turístico Empresarial (Exceltur), que sinala que o 78,3% dos empresarios galegos do sector esperan unha redución das súas vendas e un 62,1% unha diminución dos seus beneficios.

No que ao turismo extrahoteleiro se refire, cómpre salientar a importancia do turismo rural. O último ano tamén pode considerarse como un bo ano para este tipo de turismo atendendo á evolución experimentada polo número de viaxeiros e pernoitas. Segundo se reflicte no **cadro 3.2.41.**, o número de viaxeiros aloxados en establecementos de turismo rural medra un 7,9% en relación ao ano anterior, acadando as 153.034 persoas, sendo o número de pernoitas de 301.352, un 18,5% superior ao rexistrado en 2013. Tendo en conta o mellor comportamento galego en comparación coa media española, a súa importancia relativa sobre o total estatal aumenta ata o 5,5% no caso dos viaxeiros (7% no caso dos residentes no estranxeiro), situándose no 3,9% no das pernoitas.

Ao igual que se observa nos establecementos hoteleiros, a meirande parte dos viaxeiros que acoden a establecementos de turismo rural en Galicia son de nacionalidade española (78,9%) se ben no último ano rexístrase un forte incremento dos viaxeiros estranxeiros, cunha medra do 45,5%. O 51,1% dos viaxeiros residentes en España proceden de dentro da Comunidade, seguidos en importancia polos procedentes de Madrid (16,3% do total) e Cataluña (5,6% do total).

O grao de ocupación medio por praza en establecementos de turismo rural presentou en 2014 en Galicia unha medra de dous

Principais indicadores do turismo rural en Galicia e España 2013-14 (1)

	2013		2014		14/13	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Viaxeiros	129.180	2.509.510	153.034	2.795.630	23.854	286.120
residentes en España	107.006	2.109.475	120.776	2.334.425	13.770	224.950
residentes no estranxeiro	22.174	400.033	32.254	461.204	10.080	61.171
Pernoitas	259.151	6.938.028	301.352	7.673.273	42.201	735.245
residentes en España	218.071	5.228.255	245.924	5.763.466	27.853	535.211
residentes no estranxeiro	41.080	1.709.774	55.429	1.909.807	14.349	200.033
Grao de ocupación por praza			(%)			
media	10,8	13,4	12,8	14,8		
fin de semana	17,0	23,6	20,2	26,0		
Estadía media *(en días)*	2,01	2,76	1,97	2,74		

(1) datos 2014 son provisionais
Fonte: INE, *Encuesta de ocupacion en alojamientos de turismo rural*

3.2.41.

puntos en relación ao ano anterior, situándose no 12,8%, sendo esta porcentaxe case sete puntos e medio superior na fin de semana. No caso de España, o grao de ocupación media por praza acada o 14,8%, mentres que na fin de semana este dato ascende ao 26%. A estadía media nos establecementos galegos situouse en 1,97 días, fronte aos 2,74 da media estatal.

• Transporte

A estrada é a vía de comunicación máis importante á hora de falar tanto do tráfico de pasaxeiros como de mercadorías, seguíndolle en importancia o transporte marítimo nos portos do Estado no caso das mercadorías, e a vía aérea no concernente aos pasaxeiros.

O volume de mercadorías transportadas por estrada en Galicia no último ano experimentou un crecemento do 4,7% en Galicia, tres décimas máis que o rexistrado no conxunto do Estado, acadando as 102 miles de toneladas (o 7,1% do total estatal). O **cadro 3.2.43.** amosa un incremento do peso relativo do comercio intrarrexional no tráfico total galego, que acada o 75,1% (2,4 puntos máis que en 2013), e unha caída do peso do comercio interrexional, que se sitúa no 21,1%, sendo en España esa porcentaxe do 36,9%. O comercio internacional supón o 3,7% do total do trasporte interior por estrada en Galicia, catro décimas menos que no Estado. Galicia mantense como a quinta Comunidade Autónoma en volume de toneladas de mercadorías transportadas por estrada, por detrás de Cataluña, Andalucía, C. Valenciana e Castela e León.

De cada 100 toneladas de mercadorías transportadas en Galicia no ano 2013, só 1,5 utiliza o ferrocarril, fronte ao 1,6% do ano anterior; a causa do descenso do 19,3% no volume de mercadorías así transportadas no ano 2013 en relación ao ano anterior. A nivel provincial obsérvase a notable redución do transporte ferroviario de mercadorías nas catro provincias galegas, en concreto, destaca o descenso do 35,6% do tonelaxe transportado na provincia de Lugo. En termos absolutos, a provincia de A Coruña, con 1,5 millóns de toneladas métricas, representa o 72,7% do total, máis no ano 2013 descende un 19,3% o seu volume de tráfico, o que supón 443 mil toneladas menos, o 92,4% do descenso total da Comunidade concéntrase nesta provincia (**cadro 3.2.44.**).

O segundo medio de transporte en impor-

Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2013-14

	Mercadorías			Pasaxeiros		
	2013	2014	14/13	2013	2014	14/13
	(en miles de tm.)		(%)	(en miles de persoas)		(%)
Estrada (1)	97.437	101.998	4,7	60.185	60.210	0,0
Ferrocarril (2)	2.002		-100,0	521		-100,0
Marítimo (3)	31.234	32.019	2,5	339		-100,0
Marítimo (4)	2.086	2.086	0,0	1.136	1.414	24,5
Aéreo (5)	2.444	2.592	6,1	3.592	3.753	4,5

(1) os datos de pasaxeiros refírense a transporte urbano en autobús
(2) viaxeiros de longa distancia con orixe en Galicia
(3) tráfico nos portos do Estado; os datos de pasaxeiros refírense ós pasaxeiros de cruceiros
(4) tráfico nos portos de Portos Galicia
Fonte: elaboración propia CES-Galicia

3.2.42.

Transporte interior por estrada nas CC.AA. 2013-14 (1)

	2013				2014				14/13
	Total	intrarrexional	interrexional	internacional	Total	intrarrexional	interrexional	internacional	
	(en miles de tm.)	(%)			(en miles de tm.)	(%)			
Andalucía	173.847	72,0	24,6	3,4	183.219	73,9	22,7	3,4	5,4
Aragón	81.496	45,9	49,0	5,1	74.699	40,7	53,9	5,4	-8,3
Asturias	40.248	62,6	35,7	1,7	43.792	61,2	37,3	1,4	8,8
Baleares	18.540	87,0	13,0	-	18.038	84,9	14,9	0,2	-2,7
Canarias	30.859	100,0	-	-	33.674	100,0	-	-	9,1
Cantabria	22.811	40,1	55,2	4,7	33.577	52,9	44,1	2,9	47,2
Castela-A Mancha	94.864	40,3	57,6	2,1	96.148	41,4	55,9	2,7	1,4
Castela e León	117.414	52,3	45,3	2,4	128.871	57,3	40,5	2,3	9,8
Cataluña	207.010	65,3	27,4	7,2	220.170	67,0	25,9	7,1	6,4
C. Valenciana	175.289	58,2	37,8	4,0	174.727	58,4	37,7	3,9	-0,3
Estremadura	29.928	56,9	39,9	3,2	35.024	60,2	36,0	3,9	17,0
Galicia	97.437	72,7	24,1	3,2	101.998	75,1	21,1	3,7	4,7
Madrid	93.692	37,7	59,4	3,0	93.484	37,5	59,1	3,4	-0,2
Murcia	57.337	49,9	44,4	5,7	57.724	45,6	48,6	5,8	0,7
Navarra	40.248	42,2	51,7	6,1	35.421	39,9	54,1	6,0	-12,0
País Vasco	84.376	48,5	46,0	5,5	94.875	52,9	41,4	5,6	12,4
A Rioxa	14.931	24,6	71,7	3,8	15.634	28,1	69,8	2,1	4,7
Ceuta e Melilla	806	74,1	25,4	0,5	952	81,2	18,7	0,1	
Total	1.381.134	57,5	38,4	4,1	1.442.026	59,0	36,9	4,1	4,4

(1) toneladas transportadas por cabezas tractoras e camións con capacidade de carga útil superior a 3,5 tm. e con peso superior a 6 tm., matriculados en España
Fonte: Ministerio de Fomento, *Transporte de mercancías por carretera*

3.2.43.

Tráfico ferroviario de viaxeiros e mercadorías en Galicia e España 2012-13 (1)

	2012			2013			13/12		
	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías
	Media distancia convencional	Longa distancia		Media distancia convencional	Longa distancia		Media distancia convencional	Longa distancia	
			(en tm.)			(en tm.)		(%)	
Galicia	3.085.946	366.866	2.481.342	3.019.218	520.606	2.001.854	-2,2	41,9	-19,3
A Coruña	1.723.269	148.480	1.899.427	1.736.957	218.539	1.456.450	0,8	47,2	-23,3
Lugo	34.330	35.796	42.573	33.480	44.222	27.409	-2,5	23,5	-35,6
Ourense	132.652	97.900	99.014	226.470	135.711	88.461	70,7	38,6	-10,7
Pontevedra	1.195.695	84.690	440.328	1.022.311	122.134	429.534	-14,5	44,2	-2,5
España	25.409.349	22.452.458	17.074.403	30.398.196	25.595.000	16.376.017	19,6	14,0	-4,1

(1) viaxeiros subidos; mercadorías en orixe
Fonte: Renfe Operadora

3.2.44.

Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2013-14

	Graneis líquidos		Graneis sólidos		Mercadoría xeral	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014
			(en tm.)			
Total	9.434.783	9.105.293	14.008.199	15.278.838	7.155.392	6.923.171
A Coruña	6.558.560	6.255.865	3.688.168	4.308.361	1.158.854	1.043.494
Ferrol-San Cibrao	2.532.120	2.658.935	8.999.194	9.498.617	981.923	888.294
Marín	76	-	826.309	853.972	1.017.711	1.051.884
Vigo	81.867	64.648	291.562	294.841	3.499.242	3.405.114
Vilagarcía	262.160	125.845	202.966	323.047	497.662	534.385
Total Portos do Estado	151.208.154	159.459.287	79.962.412	88.795.292	211.025.771	215.945.349
Galicia / España (%)	6,2	5,7	17,5	17,2	3,4	3,2

	Pesca fresca		Avituallamento e tráfico local		Total	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014
			(en tm.)			
Total	127.472	138.339	508.010	573.788	31.233.856	32.019.429
A Coruña	44.878	56.272	246.268	305.820	11.696.728	11.969.812
Ferrol-San Cibrao	276	276	27.896	37.423	12.541.409	13.083.545
Marín	2.083	1.821	10.951	11.531	1.857.130	1.919.208
Vigo	80.235	79.970	219.311	213.506	4.172.217	4.058.079
Vilagarcía	-	-	3.584	5.508	966.372	988.785
Total Portos do Estado	225.072	239.999	12.006.229	12.319.235	454.427.638	476.759.162
Galicia / España (%)	56,6	57,6	4,2	4,7	6,9	6,7

Fonte: Ministerio de Fomento, *Transporte marítimo*

3.2.45.

tancia en canto a volume de mercadorías transportadas é o marítimo. Tras unha medra do 2,5% en relación ao ano anterior, move aproximadamente a cuarta parte do total de mercadorías transportadas en Galicia. Os portos de interese xeral moveron un total de 32.019,4 miles de toneladas (o 6,7% do total estatal), sendo o de Ferrol-San Cibrao o de maior movemento, ao acoller o 40,9% do tráfico total de mercadorías (13.083,5 miles de toneladas), seguido de cerca polo porto de A Coruña, cun 37,4% (11.969,8 miles de toneladas) do total de mercadorías transportadas en Galicia nos portos de interese xeral.

Comparado co ano anterior, cómpre salientar que todos os portos, agás o de Vigo, rexistran incrementos no movemento de mercadorías, salientando o de Ferrol-San Cibrao, cunha medra superior ao medio millón de toneladas. En termos relativos, a medra máis importante tamén corresponde a Ferrol-San Cibrao, cun 4,3%, seguido polo de Marín, cun 3,3%.

En termos de volume, o movemento máis importante corresponde aos graneis sólidos, con 15.278,8 miles de toneladas, un 9,1% superior ao rexistrado no ano anterior, das que o porto de Ferrol-San Cibrao move o 62,2% (case 9.500 miles de toneladas) e o porto de A Coruña, un 28,2% (4.308,4 miles de toneladas). Séguelle en importancia o transporte de graneis líquidos, que, tras un descenso do 3,5%, acada os 9.105,3 miles de toneladas, das que o 68,7% (6.255,9 miles de toneladas) corresponden ao porto de A Coruña.

A pesar de que o movemento de pesca ascende tan só a 138.339 toneladas, un 8,5% máis que no ano 2013, Galicia centraliza o 57,6% das descargas xestionadas no conxunto dos portos de interese xeral estatais. Ente os portos galegos cómpre mencionar a importancia do porto de Vigo ao mover en torno ao 58% das descargas de pesca fresca.

No que respecta aos portos xestionados por

Tráfico de mercadorías nos portos xestionados por Portos de Galicia 2013-14

	20131		2014		14/13
	(en tm.)	*(% / total)*	*(en tm.)*	*(% / total)*	*(%)*
Total	2.085.501,9		2.025.184,8		- 2,9
A Pobra	130.893	6,3	128.966	6,4	-1,47
Burela	296.179	14,2	227.673	11,2	-23,13
Cariño	548.835	26,3	447.890	22,1	-18,39
Brens-Cee	396.162	19,0	477.001	23,6	20,41
Celeiro	132.101	6,3	118.824	5,9	-10,05
Laxe	25.484	1,2	20.188	1,0	-20,78
Pontecesures	1.195	0,1	931	0,0	-22,09
Ribadeo	542.905	26,0	567.593	28,0	4,55
Ribeira	11.619	0,6	36.096	1,8	210,66
Aldán	80	0,0			
A Guarda-A Pasaxe	10	0,0			
Muros	57	0,0			
Canido	24	0,0	22	0,0	-9,84
Cambados-Tragove	15	0,0			
Portonovo	72	0,0			

Fonte: Portos de Galicia

3.2.46.

Tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral 2013-14

	Liña regular			Cruceiros		
	2013	**2014**	**14/13**	**2013**	**2014**	**14/13**
			(%)			*(%)*
Total	768.028	858.715	11,8	338.698	345.665	2,1
A Coruña	9.468	116	-98,8	156.890	129.597	-17,4
Ferrol-San Cibrao	6.941	6.896	-0,6	10.801	39.017	261,2
Marín	147.412	140.426	-4,7	-	-	-
Vigo	602.476	709.912	17,8	168.808	176.019	4,3
Vilagarcía	1.731	1.365	-21,1	2.199	1.032	-53,1
Total Portos do Estado	21.128.901	21.030.110	-0,5	7.671.458	7.668.532	0,0
Galicia / España *(%)*	3,6	4,1		4,4	4,5	

Fonte: Autoridades Portuarias e Puertos del Estado

3.2.47.

Portos de Galicia, no ano 2014 redúcese un 2,9% o volume de mercadorías descargadas, que se sitúa en 2.025,2 miles de toneladas. O porto de Ribadeo, tras un incremento do 4,6% respecto ao ano precedente, rexistra o maior movemento de mercadorías, con 567,6 miles de toneladas, seguido do porto de Brens-Cee, con 477,0 miles de toneladas, e Cariño, con 447,9. Entre ámbolos tres portos acollen o 73,7% do volume total de mercadorías descargadas.

Entre os portos xestionados por Portos de Galicia, **cadro 3.2.46.**, Cariño e Burela son os que presentan a merma de tráfico de mercadorías máis acusada en termos absolutos, con 100,9 e 68,5 miles de toneladas menos. Por contra, o porto de Brens-Cee rexistra un aumento do seu tráfico de case oitenta e un miles de toneladas, seguido por Ribadeo e Ribeira, cunha medra próxima ás vinte e cinco mil toneladas.

Finalmente, no que respecta ao movemento aéreo de mercadorías, no ano 2013 aumenta nun 6,1% o volume de mercadorías transportadas nos tres aeroportos galegos, acadando un total de 2.592 toneladas transportadas, o que supón tan só o 0,4% do total estatal. O aeroporto de Santiago volve a ser o único que obtén un resultado posi-

Tráfico comercial aéreo 2013-14 (1)

Operacións

	2013	2014	14/13
Aeroportos galegos	42.614	44.156	3,6
A Coruña	13.306	14.811	11,3
Santiago	18.672	19.431	4,1
Vigo	10.636	9.914	-6,8
Total España	1.790.948	1.832.711	2,3
Galicia / España (%)	2,4	2,4	

Pasaxeiros

	2013	2014	14/13
Aeroportos galegos	3.591.704	3.753.094	4,5
A Coruña	839.837	988.834	17,7
Santiago	2.073.147	2.083.873	0,5
Vigo	678.720	680.387	0,2
Total España	187.405.129	195.861.278	4,5
Galicia / España (%)	1,9	1,9	

Mercadorías

	2013	2014	14/13
	(en Kg.)		(%)
Aeroportos galegos	2.443.958	2.591.991	6,1
A Coruña	66.816	60.824	-9,0
Santiago	1.928.838	2.095.449	8,6
Vigo	448.304	435.718	-2,8
Total España	638.953.112	685.209.274	7,2
Galicia / España (%)	0,4	0,4	

(1) non se inclúen outras clases de tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos); datos 2013 son provisionais

Fonte: AENA, *Informes estadísticos anuales de los aeropuertos españoles*

3.2.48.

tivo en canto a que incrementa o seu tráfico nun 8,6%, ata as 2.095,4 toneladas, mentres no aeroporto de A Coruña redúcese nun 9% e no de Vigo, nun 2,8% (**cadro 3.2.47.**).

En relación ao transporte de pasaxeiros, aínda que de escasa contía, a pesar do incremento en relación ao ano 2012, o ferrocarril incide de xeito fundamental na mobilidade intrarrexional e interrexional das persoas. O número de viaxeiros de media distancia convencional redúcese en Galicia no último ano un 2,2%, acadando os 3 millóns, mentres que os viaxeiros de longa distancia aumentan un 41,9%, acadando os 521 mil.

A provincia de A Coruña acolle o 57,5% dos viaxeiros de media distancia convencional, seguida pola provincia de Pontevedra, co 33,9% do total. No que respecta á longa distancia, a provincia de A Coruña seguida da de Ourense, con 218 mil e 136 mil viaxeiros, respectivamente, son as que presentan un maior número de viaxeiros subidos nas súas estacións.

No concernente ao transporte marítimo, o tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral aumentou nun 8,8% no ano 2014 en relación ao ano anterior, resultado tanto do incremento no número de viaxeiros de liña regular (11,8%) como dos pasaxeiros de cruceiros (2,1%) (**cadro 3.2.47.**).

No que atinxe ao transporte aéreo, no ano 2014 ráchase a tendencia descendente dos

Entidades de crédito en Galicia e España 2009-13 (1): oficinas, depósitos do sector privado e créditos

	Oficinas			Depósitos (2)				Créditos		
				Galicia						
	Entidades de depósito	Establecementos financeiros de crédito	Banco de España	Totais	Depósitos á vista	Depósitos de aforro	Depósitos a prazo	Totais	Administracións públicas	Outros sectores residentes
							(en millóns de euros)			
2009	2.395	19	1	50.819,6	8.618,9	13.848,7	28.352,0	71.282,7	1.791,1	69.491,6
2010	2.357	15	1	53.035,0	8.821,8	14.199,7	30.013,5	70.509,1	2.612,0	67.897,2
2011	2.136	15	1	51.377,6	7.655,0	14.275,8	29.446,9	64.075,9	2.584,4	61.491,6
2012	2.005	14	1	50.851,4	7.347,6	14.352,0	29.151,7	55.021,2	3.060,9	51.960,3
2013	1.834	9	1	53.892,9	8.555,3	15.432,0	29.905,6	50.285,0	2.710,0	47.575,0
2014	1.727	9	1	55.342,4	9.566,5	16.939,2	28.836,8	44.911,7	3.008,5	41.903,2
				España						
	Entidades de depósito	Establecementos financeiros de crédito	Banco de España	Totais	Depósitos á vista	Depósitos de aforro	Depósitos a prazo	Totais	Administracións públicas	Outros sectores residentes
							(en millóns de euros)			
2009	44.085	345	23	1.142.012,5	265.612,8	207.850,1	668.549,6	1.837.760,8	61.227,7	1.776.533,1
2010	42.894	270	23	1.148.252,9	263.438,8	211.346,0	673.468,0	1.856.783,3	74.492,0	1.782.291,3
2011	39.843	260	16	1.109.656,0	267.600,5	203.004,2	639.051,2	1.798.025,7	82.989,2	1.715.036,6
2012	37.903	239	16	1.100.443,7	264.840,6	199.112,4	636.490,7	1.633.834,0	96.890,4	1.536.943,6
2013	33.527	186	16	1.134.914,2	290.344,1	206.530,4	638.039,7	1.469.010,4	76.626,6	1.392.383,8
2014	31.817	182	16	1.139.756,4	337.486,4	221.985,3	580.284,6	1.422.886,9	94.693,6	1.328.193,3

(1) datos a decembro de cada ano; non se inclúen as oficinas no estranxeiro

(2) depósitos á vista: instrumentos financeiros no que as cantidades depositadas se poden retirar ou transferir en calquera momento, sin previo aviso á entidade

depósitos de aforro: instrumentos financeiros nos que o tenedor, previo aviso, ten que agardar un período fixo para poder dispor dos seus fondos

depósito a prazo: os contratatados por un prazo de tempo determinado.Nun sentido máis amplo tamén se recolle nesta denominación a algúns activos financeiros non negociables

Fonte: IGE

3.2.49.

últimos anos experimentada polo conxunto do sistema aeroportuario galego, con incrementos no número de operacións, pasaxeiros e a xa citada de mercadorías.

O movemento de aeronaves nos aeroportos galegos aumenta no ano 2014 un 3,6% respecto ao ano precedente, rexistrándose esta medra nos aeroportos de A Coruña (11,3%) e Santiago (4,1%). Por contra, o aeroporto de Vigo presenta un descenso do 6,8%, 722 operacións menos que no ano anterior. Os datos recollidos no **cadro 3.2.48.** amosan o predominio do aeroporto de Santiago, que acolle o 44% das operacións (19.431 movementos), seguido do aeroporto de A Coruña, co 33,5% (14.811 operacións) e Vigo, co 22,5% (9.914). Comparando co total do Estado, Galicia acolle o 2,4% do total de operacións.

O devandita evolución do número de operacións tradúcese nunha medra do número de pasaxeiros no sistema aeroportuario galego do 4,5%, ascendendo a 3.753.094 persoas. Este incremento rexístrase nos tres aeroportos, se ben de maneira desigual, xa que o aeroporto de A Coruña presenta unha medra do 17,7% respecto ao ano anterior mentres que os de Santiago e Vigo de tan só un 0,5% e un 0,2%, respectivamente. Lavacolla segue sendo o que acolle o maior número de viaxeiros, con 2.083.873 (o 55,5% do total de Galicia), seguido do aeroporto de Alvedro, con 988.834 persoas (26,3%), e finalmente o aeroporto de Peinador, con 680.387 viaxeiros (18,1% do total galego). Dado que o incremento de pasaxeiros nos aeroportos españois foi similar ao experimentado en Galicia, o peso relativo do tráfico de pasaxeiros aéreos galegos no total estatal mantense no 1,9%.

• Sector financeiro

Ao longo do último ano continuou o proceso de reestruturación e recapitalización do sistema bancario español. Neste contexto, en novembro de 2014 culminou o proceso de integración do Banco Etcheverría en Abanca, situándose a nova entidade como o décimo banco español, cuns activos próximos a


Oficinas das entidades de crédito 2008-13: distribución segundo concello

	2008	2013
A Coruña	994	746
Coruña, A	306	210
Ferrol	60	42
Santiago de Compostela	113	85
Resto de concellos	515	409
Lugo	336	273
Lugo	89	65
Resto de concellos	247	208
Ourense	375	242
Ourense	123	84
Resto de concellos	252	158
Pontevedra	829	582
Pontevedra	89	60
Vigo	317	219
Resto de concellos	423	303
Total	2.534	1.843

Fonte: IGE

3.2.50.

Créditos en Galicia e España 2008-14



Fonte: *IGE*

3.2.51.

57.000 millóns de euros.

No devandito proceso de reestruturación bancaria, no ano 2014 continúa a redución do número de oficinas bancarias, que en Galicia ascende 1.727 oficinas de entidades de crédito, 107 menos que no ano anterior. En termos relativos, o descenso respecto ao ano anterior foi do 5,8%, porcentaxe lixeiramente superior á do conxunto do Estado, cunha caída do 5,1% (**cadro 3.2.49.**). Desde o principio da actual crise económica, 14 concellos galegos non dispoñen de ningunha oficina de entidade de crédito na súa localidade.

O volume de depósitos do sector privado nas entidades de crédito volve a crecer no ano 2014, sendo este incremento novamente máis acusado en Galicia que no con-

Créditos a outros sectores residentes en España 2004-13: distribución segundo finalidades

	Total	Financiamento actividades productivas	Outro financiamento a fogares				ISFLSH	Sen clasificar
			Total	Adquisición e rehabilitación de vivenda	Bens de consumo duradeiro	Resto		
			(en millóns de euros)					
2008	1.869.882	1.018.048	819.412	655.145	54.176	110.092	6.091	26.331
2009	1.837.038	999.570	813.939	654.566	49.273	110.101	5.523	18.006
2010	1.843.952	1.012.916	812.781	662.798	42.068	107.916	6.096	12.159
2011	1.782.555	970.773	793.430	656.452	37.686	99.292	7.000	11.352
2012	1.604.960	829.788	755.689	633.138	32.904	89.647	6.976	12.507
2013	1.448.244	719.180	714.984	604.395	25.910	84.679	6.299	7.781
2014	1.407.653	687.870	703.849	590.123	25.426	88.300	6.383	9.552

Crédito dubidoso

	Total	Financiamento actividades productivas	Outro financiamento a fogares				ISFLSH	Sen clasificar
			Total	Adquisición e rehabilitación de vivenda	Bens de consumo duradeiro	Resto		
			(en millóns de euros)					
2008	63.083	37.293	24.346	15.580	2.873	5.893	49	1.395
2009	93.329	61.913	29.931	18.879	3.755	7.297	54	1.431
2010	107.199	79.719	25.982	16.038	2.844	7.100	109	1.389
2011	139.761	109.899	28.650	19.101	2.183	7.366	191	1.021
2012	167.470	128.415	37.029	25.321	2.019	9.689	393	1.633
2013	197.198	146.051	49.424	36.182	1.771	11.471	377	1.346
2014	183.027	132.777	48.853	35.924	1.640	11.290	376	1.021

Fonte: Banco de España

3.2.52.

Créditos a outros sectores residentes para o financiamento de actividades produtivas en España 2008-14: distribución segundo sector

Crédito total

	Total	Sector primario	Industria	Construcción	Servizos
		(en millóns de euros)			
2008	1.018.049	26.244	156.141	151.848	683.816
2009	999.569	23.123	152.199	130.438	693.809
2010	1.012.916	23.128	152.376	114.519	722.893
2011	970.772	21.782	143.246	98.546	707.198
2012	829.789	20.217	131.109	76.217	602.246
2013	719.180	18.448	115.465	60.154	525.113
2014	687.870	17.703	111.100	54.245	504.822

Crédito dubidoso

	Total	Sector primario	Industria	Construcción	Servizos
		(en millóns de euros)			
2008	37.293	582	3.225	7.461	26.025
2009	61.913	785	6.222	11.069	43.837
2010	79.718	1.000	6.697	13.888	58.133
2011	109.899	1.420	7.930	17.981	82.568
2012	128.414	1.853	11.944	19.693	94.924
2013	146.052	2.511	15.151	20.617	107.773
2014	129.819	2.207	14.824	14.824	97.963

Fonte: Banco de España

3.2.53.

xunto do Estado. Tras unha medra do 2,7%, 2,3 puntos por riba da media española, o volume de depósitos ascendeu ata os 55.342,4 millóns de euros, o 4,9% do total estatal. O aumento no volume dos depósitos afecta tanto aos depósitos á vista como aos depósitos de aforro, descendendo no caso dos depósitos a prazo.

Finalmente, xunto ao citado aumento no volume de depósitos, continúa o descenso do valor dos créditos totais concedidos polas entidades en Galicia, que se sitúa nos 44.911,7 millóns de euros, un 10,3% inferior ao rexistrado no ano 2013 (–3,1% en España). No que respecta aos destinatarios dos créditos, en Galicia aumentan os créditos concedidos ás Administracións públicas (11% máis que no ano anterior) e diminúen os concedidos aos restantes sectores residentes (–11,9%).

A nivel estatal os datos de distribución de crédito por finalidades mostran o continuo descenso dos créditos destinados ao financiamento de actividades produtivas e o paralelo incremento dos créditos de dubidoso cobro con esa mesma finalidade. ❑

3.3.- Sector exterior

O punto de partida da análise do sector exterior ten de ser a achega da demanda externa ao crecemento agregado do PIB. Tendo en conta os datos das contas económicas de Galicia, que considera as relacións comerciais tanto con terceiros países como co resto das Comunidades Autónomas españolas, a contribución do sector exterior en 2014 é negativa, feito que non acontecía dende o ano 2006. Se ao longo da crise o sector exterior atenúa a caída da demanda interna, no último ano o crecemento da actividade económica ven motivado pola achega do 0,7 puntos da demanda interna mentres que a externa detrae tres décimas ao crecemento agregado do PIB (**cadro 3.3.1.**).


En termos absolutos, as exportacións galegas, tanto ao conxunto do Estado como a terceiros países, acadaron un valor de 30.228,1 millóns de euros e as importacións ascenderon a 31.538 millóns. O saldo comercial da economía galega é negativo, acadando un déficit de 1.310 millóns de euros, máis do dobre do rexistrado no ano anterior. No ano 2014, a taxa de cobertura acada o 95,8%, en tanto que a taxa de apertura da economía galega (calculada tendo en conta as importación e exportacións totais de bens e servizos entre o PIB galego) foi do 59,6%.

O obxectivo deste capítulo é analizar a relación de Galicia cos terceiros países, que se caracteriza pola súa forte concentración xeográfica e sectorial. Cómpre mencionar que o saldo comercial segue a ser positivo para Galicia e a taxa de cobertura, tras o importante descenso das exportacións, descende ata o 123%.

Comercio exterior con terceiros países

O sector exterior galego caracterizouse no último ano por unha caída da actividade comercial, entendida esta como a suma das exportacións e importacións, así como por unha maior concentración xeográfica, onde a UE concentra as dúas terceiras partes da actividade comercial galega, e a elevada concentración sectorial, dado que os cinco


PIB e achegas da demanda externa e interna 2006-14 (1)



(1) PIBpm (índices de volume encadenados); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 02-03-2015)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2008*

3.3.1.

Exportacións nas CC.AA. 2012-14 (1): porcentaxe sobre o valor total das exportacións españolas



(1) datos 2014 son provisionais
Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad, *Datacomex*

3.3.2.

primeiros capítulos importadores representan máis do sesenta por cento do seu importe total, sendo do cincuenta e oito por cento no caso das exportacións.

A diferenza do acontecido no ano anterior, a actividade comercial en Galicia contráese un 3,2% no último exercicio como resultado tanto da caída das importacións (–1%) como, sobre todo, a das exportacións (–5%). O volume total das compras e vendas galegas no exterior no ano 2014 acadou os 32.318,8 millóns de euros, 1.078,8 millóns menos que no ano anterior. No último ano o grado de apertura da economía galega a terceiros países, entendido este como o cociente entre a suma do valor das exportacións e importacións e o PIB, situouse no

Importacións e exportacións 2013-14 (1): distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014	2013	2014
			(en miles de euros)				*(%)*	
Total (2)	31.331.829	31.538.030	30.741.604	30.228.054	-590.225	-1.309.976	98,1	95,8
Resto do mundo	14.639.492	14.493.538	18.758.160	17.825.305	4.118.667	3.331.767	128,1	123,0
Áreas xeográficas								
Europa								
UE-28	7.461.958	8.616.106	12.369.530	12.887.776	4.907.572	4.271.670	165,8	149,6
UE-15	7.017.062	8.002.315	11.525.522	11.953.425	4.508.460	3.951.111	164,2	149,4
Zona Euro	6.174.647	7.286.588	10.587.401	11.074.516	4.412.754	3.787.928	171,5	152,0
Países candidatos á UE	366.985	403.189	500.130	443.300	133.145	40.111	136,3	109,9
OCDE	9.357.837	10.352.420	14.419.823	14.485.250	5.061.986	4.132.830	154,1	139,9
OPEP	1.483.671	834.298	985.433	650.412	-498.238	-183.886	66,4	78,0
Mercosur	454.273	392.238	688.903	564.903	234.631	172.664	151,6	144,0
EEUU	214.736	314.526	381.011	567.666	166.275	253.139	177,4	180,5
América Latina	1.932.707	1.705.025	1.271.651	1.068.155	-661.056	-636.871	65,8	62,6

(1) datos 2013 e 2014 son provisionais
(2) valor total de exportacións e importacións de bens e servizos a partir das *Contas Económicas Trimestrais* do IGE (PIB pm, índices de volume encadenados, base 2005 (consulta: 20-02-2015)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais* e *Comercio exterior e intracomunitario*

3.3.3.

59,6%, case dous puntos menos que o acadado no ano anterior.

Atendendo á súa distribución segundo sectores de actividade, este descenso ven explicado fundamentalmente pola caída experimentada nos sectores enerxético (–943 millóns de euros), de semimanufacturas (–225 millóns) e bens de equipamento (–187 millóns), que superan os incrementos da actividade comercial no sector do automóbil (553,2 millóns), manufacturas de consumo (203 millóns) e alimentos e bens de consumo duradeiro (máis de 39 millóns cada un).

A actividade comercial galega en 2014 representa o 6,4% do total estatal, catro décimas menos que no ano precedente, situándose este peso relativo no 13,1% no caso das manufacturas de consumo, no 10,2% na automoción e no 8,8% e 7,2% no caso das materias primas e alimentos, respectivamente.

Galicia reduce no ano 2014 o saldo positivo da súa balanza comercial ata os 3.331,8 millóns de euros, un 19,1% que no ano anterior (932,9 millóns de euros), motivado polo maior descenso das exportacións. Este saldo comercial representa o 6,1% do PIB no ano 2014, lonxe do 7,6% rexistrado no ano anterior.

A nivel provincial, dos datos recollidos no **cadro 3.3.4.** despréndese que Pontevedra, tras unha medra do 5,4% (748,2 millóns de euros), sitúase como a provincia con maior actividade comercial desbancando a A Coruña, que presenta unha diminución do 9,6% (1.549,3 millóns). As outras dúas provincias tamén presentan un comportamento desigual, rexistrándose unha medra da actividade comercial en Ourense (110 millóns de euros) fronte á caída experimentada no caso de Lugo, con 387,6 millóns de euros menos. No que atinxe ao saldo da balanza comercial, as catro provincias galegas manteñen o saldo positivo, se ben a provincia de Pontevedra experimentou un acusado descenso en relación ao ano anterior (–961,4 millóns de euros).

Finalmente, destacar que as provincias de Pontevedra e A Coruña están situadas no décimo e undécimo posto, respectivamente, no ranking de provincias españolas con maior valor de actividade comercial, cando

Importacións e exportacións de Galicia e España 2013-14

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2013	2014	14/13	2013	2014	14/13	2013	2014	14/13
	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		
Galicia	14.639,5	14.493,5	-1,0	18.758,2	17.825,3	-5,0	4.118,7	3.331,8	-786,9
A Coruña	7.655,8	6.884,9	-10,1	8.495,5	7.717,1	-9,2	839,7	832,2	-7,5
Lugo	1.078,4	823,4	-23,6	1.087,1	954,4	-12,2	8,8	131,0	122,2
Ourense	390,4	415,5	6,4	741,4	826,3	11,4	351,0	410,7	59,8
Pontevedra	5.514,9	6.369,7	15,5	8.434,1	8.327,5	-1,3	2.919,2	1.957,8	-961,4
España	252.346,8	264.506,7	4,8	235.814,1	240.034,9	1,8	-16.532,7	-24.471,9	-7.939,1
Galicia/España (%)	5,8	5,5		8,0	7,4		-24,9	-13,6	

Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad, *Datacomex*

3.3.4.

Importacións e exportacións 2014: distribución segundo sectores de actividade

	Importacións				Exportacións			
	Importe	14/13	peso relativo	Galicia/ España	Importe	14/13	peso relativo	Galicia/ España
	(en millóns de euros)		(%)		(en millóns de euros)		(%)	
Total	14.493,5	-1,0	100	5,5	17.825,3	-5,0	100	7,4
Alimentos	2.421,5	0,3	16,7	8,5	2.273,3	1,5	12,8	6,1
Enerxéticos	2.962,8	-21,9	20,4	5,3	952,8	-10,5	5,3	5,5
Materias primas	513,9	-9,3	3,5	5,4	830,7	-0,5	4,7	14,2
Semimanufacturas	1.844,7	-8,0	12,7	3,2	2.129,2	-3,0	11,9	3,6
Sector Automóbil	3.130,3	37,7	21,6	10,2	3.662,3	-7,7	20,5	10,3
Bens de consumo duradeiro	199,4	26,6	1,4	3,2	168,4	-1,5	0,9	5,0
Manufacturas de consumo	2.127,2	0,6	14,7	7,3	4.583,2	4,3	25,7	20,7
Outras mercadorías	5,8	32,8	0,0	0,8	223,1	-69,3	1,3	2,1
Bens de equipamento	1.287,9	-1,6	8,9	2,7	3.002,3	-5,2	16,8	6,2

Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad, *Datacomex*

3.3.5.

no ano anterior A Coruña estaba situada no oitavo lugar e Pontevedra, no undécimo. En termos de volume de exportacións, Pontevedra sitúase como a sexta provincia exportadora (sétima en 2013) e A Coruña retrocede dende a sexta á novena posición.

• Importacións do exterior

O valor total das importacións galegas no último ano descendeu ata os 14.493,5 millóns de euros (146 millóns menos que en 2013), o que representa o 5,5% do valor total das importacións españolas. Esta redución afecta ás provincias de A Coruña e Lugo, cos caídas do 10,1% (–770,9 millóns de euros) e o 23,6% (–254,9 millóns), respectivamente, mentres que medra máis dun 15% en Pontevedra (854,8 millóns de euros) e, en menor medida, en Ourense, cun 6,4% (25,1 millóns de euros). A pesar desta evolución, a provincia de A Coruña mantense como a máis importante en termos de valor das compras exteriores, acollendo ao 47,5% das importacións totais galegas, seguida de Pontevedra, que abrangue o 43,9% (52,3% e 37,7% no ano anterior, respectivamente).

O sector enerxético volve a experimentar unha redución considerable no valor das súas compras exteriores, cunha caída do 21,9%, situándose como o segundo sector en relevancia en termos de importe das importacións con 2.962,8 millóns de euros no ano 2014. Neste último ano a automoción, tras unha medra de case un 38%, sitúase como a actividade que presenta un maior

Importacións 2008-14: distribución segundo principais capítulos TARIC e orixe

Nº	Cap.	Denominación	2014		14/13	14/08	2014 Países da zona Euro	2014 Francia	2014 Portugal
			(en miles de euros)	(% / total)	(%)	(%)		(en miles de euros)	
1	87	Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	3.249.410,5	22,3	47,7	25,8	3.052.260,7	2.453.771,3	200.855,9
2	27	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais	2.962.788,2	20,4	-21,8	-10,5	321.543,2	100.562,4	24.134,7
3	3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	1.387.533,7	9,5	4,4	6,2	287.745,7	81.396,4	149.507,6
4	62	Roupa e complementos de vestir, agás os de punto	788.796,2	5,4	-15,0	-7,6	183.087,4	15.023,0	143.477,3
5	72	Fundición, ferro e aceiro	635.837,7	4,4	-7,1	-48,5	523.294,9	226.977,1	180.080,8
6	61	Roupa e complementos de vestir, de punto	624.980,5	4,3	16,6	23,3	351.357,0	5.949,1	328.077,1
7	84	Reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparellos e artefactos mecánicos; partes destas máquinas ou aparellos	531.380,0	3,7	42,8	-4,4	350.373,2	27.074,7	23.500,8
8	85	Máquinas, aparellos e material eléctrico e as súas partes ; aparellos para a gravación ou reprodución de son, aparellos para a gravación ou reprodución de imaxes e son e televisión e as partes e accesorios destes aparellos	372.213,0	2,6	-29,5	-40,8	153.602,5	11.029,4	38.119,7
9	16	Preparación de carne, de peixe ou de crustáceos, de moluscos ou doutros invertebrados acuáticos	361.217,6	2,5	-16,4	38,3	12.621,6	627,9	7.982,7
10	39	Materias plásticas e manufacturas destas materias	251.359,6	1,7	15,1	-0,4	189.044,1	39.233,7	61.282,9
Total dos principais capítulos			11.165.517,0	76,8	1,4	-2,9	5.424.930,3	2.961.645,0	1.157.019,5
Resto			3.374.609,3	23,2	0,1	-15,7	1.861.657,9	286.237,6	713.041,1
Total			14.540.126,30	100			7.286.588,2	3.247.882,6	1.870.060,6

Fonte: IGE, *Comercio exterior e intracomunitario*

3.3.6.

importe, con 3.130,3 millóns de euros, que significa o 10,2% do total estatal.

A continuación sitúanse as importacións de alimentos, que manteñen practicamente o importe das importacións realizadas no ano anterior, representando o 16,7% do valor total das importacións galegas (2.421,5 millóns de euros) e o 8,5% das importacións españolas. O cuarto sector en importancia é o de manufacturas de consumo, que tras incrementar o seu valor ata os 2.127,2 millóns de euros (un 0,6% máis que no ano anterior) representa o 14,7% do total de importacións galegas e o 7,3% das importacións españolas deste sector de actividade.

Se se descende na análise ao nivel de capítulo importador, **cadro 3.3.6.**, os "Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas, ceras minerais" (27) e "Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (87) seguen sendo os dous primeiros capítulos importadores, acollendo no seu conxunto o 42,7% do valor das importacións galegas. En relación ao ano anterior, o primeiro presenta unha caída de case un 22% mentres que as compras exteriores do capítulo da automoción medran un 41,7%.

As importacións galegas concéntranse nos países da Unión Europea. Segundo os datos do **cadro 3.3.3.**, o 59,4% do valor total das compras exteriores procede da UE-28 (8.616,1 millóns de euros), sendo Francia o principal subministrador de Galicia, por mor do papel da factoría do Grupo PSA (Peugeot-Citroën) en Vigo, con 3.247,9 millóns de euros, seguida de Portugal, con 1.870,1 millóns. Estes dous países concentran en 2014 o 35,2% das importacións galegas, sete puntos por riba do rexistrado no ano anterior. Fóra da UE, cabe salientar un ano máis as compras realizadas dende Galicia a México, que se mantén como terceiro país onde máis compras se realizan, e China, que ocupa o sétimo lugar (5,7% e 4% das

importacións galegas, respectivamente).

Atendendo á desagregación das importacións galegas dos países da zona euro segundo capítulos arancelarios (**cadro 3.3.6.**), cómpre mencionar que as importacións de produtos do capítulo 87 ascenden a 2.453,8 millóns de euros, o que representa o 41,9% das importacións galegas da zona euro, así como que o 93,9% do valor total das importacións galegas do capítulo 87 proceden desta área xeográfica. Novamente o segundo capítulo importador é o de "Fundición, ferro e aceiro" (72), cun importe de 523,3 millóns de euros, o que significa o 7,2% do total das importacións galegas que veñen dos países da zona euro e o 82,3% do valor das importacións galegas correspondentes ao devandito capítulo.

No caso de Francia, os dous capítulos máis importantes en termos absolutos son os mesmos que os citados como máis importantes dentro da zona euro, o 87 ("Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios") e o 72 ("Fundición, ferro e aceiro"), que representan o 82,5% das compras nese país. No caso de Portugal, os capítulos máis importantes son o 61 ("Prendas e complementos de vestir de punto"), o capítulo 87 ("Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios"), e 72 ("Fundición, ferro e aceiro"), e por esa orde, que representan conxuntamente o 37,9% do total de importacións galegas con orixe en Portugal.

• Exportacións ao exterior

As exportacións galegas a terceiros países, tras o bo comportamento rexistrado en 2013, presentan no último ano unha caída do 5%, acadando o importe total das vendas exteriores os 17.825,3 millóns de euros, o que representa o 7,4% das exportacións españolas, seis décimas superior ao peso do ano precedente.

As provincias galegas, agás Ourense, presentan unha redución do valor das súas exportacións. A provincia de A Coruña rexistrou o descenso máis acusado, con 778,4 millóns de euros menos (–9,2%), seguida de Lugo e Pontevedra, con –132,7 e –106,6 millóns de euros, respectivamente. Tras esta evolución, Pontevedra pasa a ser a provincia con maior volume de exportacións, concentrado o 46,7% das vendas galegas a terceiros países (8.327,5 millóns de euros), adiantando este ano a A Coruña, que abrangue o 43,3% (7.717,1 millóns). En conxunto, estas dúas provincias concentran o 90% do total das exportacións galegas.

Atendendo á desagregación sectorial, o grupo de manufacturas de consumo é o máis importante en termos de valor, ao acoller o 25,7% das exportacións, seguido polo sector do automóbil, co 20,5%, e o dos alimentos, co 12,8%. En relación ao ano anterior, o **cadro 3.3.5.** reflicte que o descenso máis acusado preséntao o sector do automóbil, con 304,4 millóns de euros menos, mentres que as manufacturas de consumo e os alimentos son os únicos que experimentan un incremento respecto ao valor das vendas do ano anterior, cunha medra de 191 e 33,4 millóns de euros, respectivamente.

Ao igual que nos dous últimos anos, o capítulo exportador máis importante polo seu importe é o de "Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (Taric 87), que concentra o 27,3% das exportacións galegas, seguido por dous capítulos pertencentes á actividade téxtil, o de "Prendas e complementos de vestir, agás os de punto" (62), que acolle o 13,1% das vendas, e o da "Roupa e complementos de vestir, de punto" (61), que representa o 6,7%. Mentres que no último ano as exportacións de vehículos descendeu un 5,1%, os capítulo relacionados co téxtil experimentaron unha forte

Exportacións 2008-14: distribución segundo principais capítulos TARIC e destiño

Nº	Cap.	Denominación	2014		14/13	14/08	2014 Países da zona Euro	2014 Francia	2014 Portugal
			(en miles de euros)	(% / total)	(%)	(%)		(en miles de euros)	
1	87	Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	4.861.982,4	27,3	-5,1	-16,7	3.706.977,2	3.380.302,0	186.547,2
2	62	Roupa e complementos de vestir, agás os de punto	2.332.901,1	13,1	4,7	71,0	1.371.850,8	341.322,7	214.153,2
3	61	Roupa e complementos de vestir, de punto	1.189.831,9	6,7	2,2	35,1	731.636,4	157.099,7	117.796,8
5	3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	1.005.932,3	5,6	2,4	14,0	722.089,7	62.939,5	250.222,0
4	27	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais	952.772,4	5,3	-4,9	70,3	405.862,6	11.049,3	187.556,8
6	85	Máquinas, aparellos e material eléctrico e as súas partes; aparellos para a gravación ou reprodución de son, aparellos para a gravación ou reprodución de imaxes e son e televisión e as partes e accesorios destes aparellos	655.944,7	3,7	-1,6	-6,2	230.804,9	97.048,7	25.430,7
9	84	Reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparellos e artefactos mecánicos; partes destas máquinas ou aparellos	559.736,8	3,1	27,7	70,1	234.494,1	43.104,7	64.260,1
8	16	Preparación de carne, de peixe ou de crustáceos, de moluscos ou doutros invertebrados acuáticos	493.332,0	2,8	-8,4	16,7	406.206,2	106.661,5	80.412,2
10	44	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	429.509,5	2,4	1,1	11,2	297.411,1	48.056,4	193.621,4
7	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	426.405,5	2,4	17,1	34,3	351.165,9	118.788,7	104.716,1
Total dos principais capítulos			12.908.348,6	72,4	-0,2	10,5	8.458.498,9	4.366.373,2	1.424.716,5
Resto			4.920.321,9	27,6	-10,4	21,2	2.616.016,8	525.664,8	1.030.131,6
Total			17.828.670,5	100	-3,2	13,3	11.074.515,7	4.892.038,0	2.454.848,1

Fonte: IGE, *Comercio exterior e intracomunitario*

3.3.7.

medra, situándose este incremento no 71% no primeiro caso (62) e do 35,1% no de roupa e complementos de vestir de punto.

No ano 2014 aumenta a concentración das exportacións ao mercado comunitario, concentrando a zona euro o 62,1% das vendas galegas (11.074,5 millóns de euros), sendo Francia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo, o principal destino das vendas de Galicia, con 4.892 millóns de euros (27,4% do total do valor das exportacións galegas a terceiros países). Séguelle Portugal, onde as vendas acadaron os 2.454,8 millóns de euros (13,8%), e Italia, con 1.289,8 millóns (7,2%).

Atendendo á desagregación por capítulos das exportacións galegas ao conxunto dos países da zona euro, **cadro 3.3.7.**, as vendas de produtos do capítulo 87 ascenden a 3.707 millóns de euros, o que representa o 33,5% das exportacións a este espazo. En segundo lugar sitúase o capítulo 62 ("Prendas e complementos de vestir, agás os de punto"), cun importe de 1.371,9 millóns de euros, que representa o 12,4% do total das vendas aos países da zona euro.

As exportacións a Francia concéntranse no capítulo 87, que acolle o 69,1% das vendas a ese país e que representan o 69,5% das vendas totais dos produtos englobados neste capítulo, seguido do devandito capitulo 62, que acolle o 7% das exportacións a Francia. No caso portugués, os principais capítulos exportadores seguen sendo o 03 ("Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos"), o 62 ("Prendas e complementos de vestir, agás o punto") e o 44 ("Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira"), acollendo o 10,2%, o 8,7% e o 7,9% das vendas galegas a Portugal, respectivamente.

- **Base exportadora**

Un último aspecto a considerar na análise do sector exterior galego con terceiros países é a base exportadora. O número de em-

Exportacións galegas 2008-14: ránkings segundo países de destino

	2013	2014	14/13	14/08
	(en miles de euros)		*(%)*	*(%)*
UE-28	12.369.530	12.887.776	4,2	7,2
Zona Euro	10.587.401	11.074.516	4,6	2,2
Francia	4.531.411	4.892.038	8,0	-11,0
Portugal	2.394.525	2.454.848	2,5	-1,6
Italia	1.247.401	1.289.804	3,4	36,6
Reino Unido	904.695	847.515	-6,3	60,9
Alemaña	797.780	817.287	2,4	58,6
Países Baixos	533.618	540.156	1,2	13,4
Polonia	332.371	351.069	5,6	78,6
Bélxica	313.308	341.493	9,0	17,3
Grecia	296.676	256.214	-13,6	-6,2
Romanía	131.330	148.499	13,1	100,2
Suecia	120.211	143.747	19,6	37,5
Austria	97.760	89.161	-8,8	73,0
Irlanda	79.377	84.872	6,9	-22,2
Hungría	73.651	78.658	6,8	41,0
Lituania	31.826	59.010	85,4	104,3
Dinamarca	62.008	54.254	-12,5	-9,4
Finlandia	57.284	53.120	-7,3	17,1
Croacia	29.132	52.058	78,7	55,3
República Checa	41.853	44.056	5,3	28,4
Chipre	42.427	41.272	-2,7	22,3
Eslovenia	37.330	36.112	-3,3	8,0
Bulgaria	35.233	34.393	-2,4	27,5
Eslovaquia	29.073	31.577	8,6	146,5
Luxemburgo	25.509	27.282	7,0	59,1
Estonia	21.490	20.333	-5,4	18,0
Letonia	19.821	19.373	-2,3	32,1
Malta	18.474	17.940	-2,9	59,0
Países candidatos á UE	500.130	443.300	-11,4	97,0
Estados Unidos	381.011	567.666	49,0	-12,4
China	168.976	178.282	5,5	162,1
Marrocos	457.660	513.960	12,3	-4,0
OCDE	14.419.823	14.485.250	0,5	8,7
OPEP	985.433	650.412	-34,0	30,5
MERCOSUR	688.903	564.903	-18,0	167,3
América Latina	1.271.651	1.068.155	-16,0	79,0
Arxentina	417.762	414.686	-0,7	383,9
Brasil	191.021	86.685	-54,6	-22,9
Chile	149.922	102.737	-31,5	110,9
Cuba	28.084	15.860	-43,5	13,2
Ecuador	30.745	33.155	7,8	387,6
Guatemala	12.169	7.908	-35,0	3,5
México	221.773	222.439	0,3	38,4
Panamá	23.474	24.542	4,6	37,0
Perú	30.346	27.264	-10,2	80,3
Paraguai	5.093	5.311	4,3	286,2
El Salvador	4.416	4.111	-6,9	-17,9
Uruguai	29.914	34.001	13,7	188,8
Venezuela	50.206	24.220	-51,8	-46,0
Outros países	76.725,30	65.235,90	-15,0	0,9
Total	18.423.781	17.828.671	-3,2	13,3

Fonte: IGE, *Comercio exterior e intracomunitario*

3.3.8.

Investimento estranxeiro bruto total nas CC.AA. 2013-14

	2013			2014			14/13
	Total		UE-28	Total		UE-28	
	(en millóns de euros)	(% / España)	(en millóns de euros)	(en millóns de euros)	(% / España)	(en millóns de euros)	(%)
Andalucía	323,5	2,0	96,3	267,0	1,5	181,5	-17,5
Aragón	168,7	1,1	97,3	111,0	0,6	96,7	-34,2
Asturias	22,5	0,1	11,6	487,2	2,8	484,3	2.065,4
Baleares	789,8	4,9	724,9	252,5	1,4	198,4	-68,0
Canarias	36,5	0,2	11,5	118,0	0,7	16,4	223,0
Cantabria	14,3	0,1	14,0	8,8	0,0	7,2	-38,7
Castela e León	172,3	1,1	108,9	159,2	0,9	134,1	-7,6
Castela-A Mancha	24,5	0,2	24,5	59,7	0,3	48,4	143,2
Cataluña	3.527,3	22,0	2.194,1	2.968,4	16,8	1.842,8	-15,8
C. Valenciana	167,9	1,0	120,1	808,0	4,6	544,9	381,2
Estremadura	16,0	0,1	12,2	240,3	1,4	199,5	1.406,4
Galicia	227,3	1,4	16,2	51,9	0,3	21,2	-77,2
Madrid	8.675,2	54,1	6.605,4	8.723,2	49,5	4.520,8	0,6
Murcia	52,6	0,3	24,1	46,9	0,3	38,9	-11,0
Navarra	11,1	0,1	6,5	28,6	0,2	11,6	157,4
País Vasco	1.095,9	6,8	890,4	1.407,8	8,0	846,2	28,5
A Rioxa	62,2	0,4	61,6	3,4	0,0	0,1	-94,6
Ceuta-Melilla	0,4	0,0	0,3	3,7	0,0	3,6	893,4
Sen asignar	659,4	4,1	348,8	1.880,3	10,7	203,6	185,2
Total	16.047,5	100	11.368,7	17.625,7	100	9.400,3	9,8

(consulta: 24-03-2015)

(1) operacións de non residentes que supoñan: (i)Participacións en sociedades galegas non cotizadas; (ii) participación superior ao 10% en sociedades galegas cotizadas; (iii) constitución ou ampliación de dotacións de sucursais de empresas estranxeiras e (iv) outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados en Galicia (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 3.005.060,52 euros.

Fonte:Ministerio de Economía y Competitividad, *Datainvex*

3.3.9.

presas que teñen actividade co exterior de España descende no ano 2014 por primeira vez dende o ano 2009, situándose nas 6.235 empresas exportadoras, un 2,3% menos que no ano anterior (–148 empresas). Tendo en conta que este descenso é similar ao do conxunto do Estado, a cota exportadora no total estatal mantense no 4,2%, seis décimas menos que ao comezo da crise no 2008.

Atendendo á súa desagregación segundo grandes sectores, o aumento das empresas exportadoras do sector de alimentación fai que no último ano se rompa a tendencia descendente do seu peso no conxunto do Estado, presentando unha cota no total estatal do 6,9%, seis décimas superior á do ano anterior e similar á de 2001 e 2012. Asemade, cómpre mencionar que a importancia do sector das bebidas, que continúa coa súa tendencia crecente iniciada en 2011 e se sitúa no 8,4%, a porcentaxe máis alta dos últimos anos.

Por contra, o grupo de actividades de materias primas e bens de equipo prosegue a súa tendencia descendente no último ano, presentando unha cota exportadora no total estatal do 3,7%, mentres que o sector de bens de consumo mantén o peso relativo dos dous anos anteriores, que foi do 3,7%.

Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

Os datos de investimento exterior están recollidos no Rexistro de Investimentos Exteriores, a partir dos que a Secretaría de Estado de Comercio Exterior presenta unha explotación estatística que para os investimentos estranxeiros nas Comunidades Au-

Investimento estranxeiro bruto en Galicia 2012-14: distribución segundo país de orixe

	2012	2013	2014
	(en miles de euros)		
México	9.670,7	36.831,8	12.692,6
Reino Unido	19.190,5	305,1	9.169,3
Venezuela	5.248,0	955,7	6.355,8
Países Baixos	1.172,4	10.107,3	6.332,1
Illas Malvinas		150,0	3.285,0
Perú	3,0		3.000,0
Portugal	5.986,9	1.374,5	2.321,6
Guatemala	0,3		1.594,9
Xordania			1.500,0
Suiza	103,7	100,0	1.399,1
Alemaña	6,7	491,9	1.150,8
Brasil	1.167,1	158.775,4	1.011,8
Francia	4.510,2	31,0	815,4
Estados Unidos	184,0	7.682,7	621,5
Xibraltar			390,0
China	1.010,9	2.195,1	114,9
Panamá	4.064,5	850,0	74,7
Italia	107.062,6	1,6	12,8
Arxentina	40,0		3,1
Illas Vírxenes Británicas			3,0
Líbano			3,0
Uruguai	4.869,4	4,0	1,2
Subtotal	164.290,8	219.856,0	51.852,3
Resto países	21.522,7	7.453,9	-
Total	185.813,5	227.309,9	51.852,3

(consulta: 13-04-2015)
Fonte:Ministerio de Economía y Competitividad, *Datainvex*

3.3.10.

tónomas só ofrece datos de investimento bruto. Tendo en conta esta limitación estatística, tras os incrementos rexistrados no ano anterior, en 2014 volve a descender de xeito significativo tanto o volume de investimento estranxeiro en Galicia (–77,2%) como o investimento estranxeiro bruto de Galicia no exterior (–47%). Por contra, no conxunto do Estado estes fluxos de investimento medran case un dez por cento no caso do investimento estranxeiro en España e case un catro por cento no do investimento no exterior.

O investimento bruto estranxeiro en Galicia descendeu no último ano ata os 219 millóns de euros, moi por debaixo das cifras acadadas no ano 2011, de case 525 millóns de euros. Este investimento supón tan só o 0,3% do investimento estranxeiro bruto en España, a porcentaxe máis baixa dende 2008 (0,1%), que se concentra basicamente en Madrid (acolle o 49,5% do mesmo) e Cataluña (cun 16,8%) (**cadro 3.3.9.**).

Tras este forte descenso rexistrado no ano 2104, a UE-28é a responsable do 40,9% do investimento bruto estranxeiro en Galicia (21,2 millóns de euros), fronte ao investimento 7,1% do ano anterior (16,2 millóns). A devandita redución é consecuencia case exclusivamente do comportamento do investimento brasileiro, con case 158 millóns de euros menos, seguido da caída do investimento das empresas de México, con 24,1 millóns de euros menos. Por contra, os aumentos máis importantes corresponden ao realizado polo Reino Unido e Venezuela, que aumentan o seu investimento en 8,9 e 5,4 millóns de euros. Deste xeito, México sitúase no último ano como o primeiro gran investidor estranxeiro en Galicia, ao aportar case a cuarta parte do investimento estranxeiro total en Galicia (12,7 millóns de

Investimento estranxeiro bruto (1) en Galicia e España 2014: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	*(% / total)*	*(en miles de euros)*	*(% / total)*	*(%)*
Total subsectores	51.852,3	100,00	15.925.886,1	84,17	0,3
Actividades inmobiliarias	13.679,5	26,38	3.275.576,1	17,31	0,4
Industria química	9.159,7	17,67	445.597,6	2,36	2,1
Actividades de servizos sociais sen aloxamento	6.135,7	11,83	6.139,1	0,03	99,9
Administración pública e defensa, Seguridade Social	4.405,3	8,50	4.405,3	0,02	100,0
Pesca e acuicultura	3.285,0	6,34	3.678,2	0,02	89,3
Industria da madeira e cortiza, agás mobles e cestería	3.003,0	5,79	90.279,1	0,48	3,3
Servicios de aloxamento	2.358,9	4,55	329.885,3	1,74	0,7
Construción de edificios	2.286,7	4,41	764.781,4	4,04	0,3
Actividades auxiliares aos servizos financeiros	1.886,9	3,64	884.507,9	4,67	0,2
Suministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	1.594,9	3,08	1.012.262,7	5,35	0,2
Actividades sanitarias	1.391,8	2,68	95.580,7	0,51	1,5
Industria da alimentación	593,1	1,14	749.244,0	3,96	0,1
Comercio por xunto, e interme.comercio, agás vehículos a motor	572,5	1,10	3.008.530,6	15,90	0,0
Comercio polo miúdo, agás vehículos a motor	543,5	1,05	367.988,3	1,94	0,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	258,3	0,50	129.532,2	0,68	0,2
Servicios de comidas e bebidas	257,6	0,50	444.623,5	2,35	0,1
Agricultura, gandeiría, caza e serv.relacionados	256,4	0,49	438.789,6	2,32	0,1
Educación	71,7	0,14	78.350,3	0,41	0,1
Fabricación de mobles	34,0	0,07	105,8	0,00	32,1
Transporte terrestre e por tubería	30,0	0,06	111.277,8	0,59	0,0
Actividade de construción especializada	10,7	0,02	96.229,4	0,51	0,0
Actividade de creación, artísticas e espectáculos	7,5	0,01	10.126,9	0,05	0,1
Outros servizos persoais	5,0	0,01	251.786,1	1,33	0,0
Actividades xurídicas e de contabilidade	3,8	0,01	45.273,6	0,24	0,0
Programación, consultoría, outras actividades relac.	3,1	0,01	454.139,0	2,40	0,0
Actividades administrativas de oficina	3,1	0,01	149.319,4	0,79	0,0
Extracción de minerais metálicos	3,0	0,01	2.559,4	0,01	0,1
Activ. Sedes Centrais, Activ. consultoría de xestión	3,0	0,01	10.209,0	0,05	0,0
Adctividades deportivas, recreativas e de entretenemento	3,0	0,01	155.740,6	0,82	0,0
Almacenamento e actividades anexas ao transporte	2,9	0,01	646.027,7	3,41	0,0
Fabricación de material e equipo eléctrico	1,5	0,00	19.588,4	0,10	0,0
Servizos Financeiros, agás seguros e fondos de pesión	1,5	0,00	1.843.751,6	9,74	0,0
Outros	-	-	2.994.428,2	15,83	-
Total	51.852,3	100,00	18.920.314,2	100,00	0,3

(1) investimento en empresas españolas únicamente
(consulta: 24-03-2015)
Fonte:Ministerio de Economía y Competitividad, *Datainvex*

3.3.11.

euros), seguido do Reino Unido co 17,7% (9,2 millóns) e Venezuela e os Países Baixos con pouco máis do 12% (6,3 millóns de euros cada un) (**cadro 3.3.10.**).

Xunto a este brusco descenso do investimento, no ano 2014 prodúcense cambios significativos a nivel sectorial. No último ano, os sectores máis importantes son os correspondentes ás actividades inmobiliarias e á industria química, que acolle o 44% do investimento en Galicia (1% en 2013), ascendendo o seu importe a 22,8 millóns de euros, dez veces máis que no ano anterior.

Por contra, se no ano 2013 a fabricación doutros produtos minerais non metálicos e a construción de edificios acollían o 88,3% do investimento, no último ano estas actividades supoñen tan só o 5% (193 millóns de euros fronte aos 2,5 millóns do último ano).

Atendendo ao peso relativo no total estatal, salienta a importancia do investimento en actividades da "Administración pública e defensa" e "actividades de servizos sociais sen aloxamento", que acollen a práctica totalidade do investimento nestes sectores en España, así como o investimento en pesca e

Investimento bruto das CCAA no exterior 2013-14

	2013			2014			14/13
	Total		UE-28	Total		UE-28	
	(en miles de euros)	*(% / total)*		*(en miles de euros)*	*(% / total)*		*(%)*
Andalucía	422.357,6	1,7	15.600,9	1.319.850,1	5,1	1.269,0	212,5
Aragón	1.607.811,0	6,4	1.578.198,0	19.162,1	0,1	1.642,2	-98,8
Asturias	88.223,3	0,4	2.361,1	51.141,9	0,2		-42,0
Baleares	1.220.437,8	4,9	666.565,7	258.949,5	1,0	10.126,6	-78,8
Canarias	39.833,7	0,2	638,9	5.670,6	0,0	2.755,9	-85,8
Cantabria	449.253,2	1,8	315.312,8	5.862.866,8	22,5	933.754,8	1.205,0
Castela e León	23.274,7	0,1	7.812,6	47.879,6	0,2	8.900,3	105,7
Castela-A Mancha	16.322,0	0,1	14.460,2	31,0	0,0	-	-99,8
Cataluña	2.736.624,4	10,9	1.287.232,6	3.503.037,7	13,5	2.618.622,0	28,0
C. Valenciana	222.215,8	0,9	193.735,1	386.563,3	1,5	307.058,1	74,0
Estremadura	1.228,5	0,0	1.159,0	24,4	0,0	-	-98,0
Galicia	717.468,4	2,9	573.995,6	380.595,9	1,5	10.540,3	-47,0
Madrid	15.307.819,1	61,1	9.097.885,0	13.918.213,2	53,5	5.845.785,5	-9,1
Murcia	6.063,7	0,0	3.412,1	7.248,1	0,0	4.000,0	19,5
Navarra	45.008,4	0,2	581,2	30.750,2	0,1	10.037,0	-31,7
País Vasco	2.166.736,0	8,6	791.684,6	247.035,8	0,9	68.478,9	-88,6
A Rioxa	658,6	0,0	-	-	0,0	-	-100,0
Ceuta e Melilla	-	0,0	-	-	0,0	-	-
Total	25.071.336,0	100,0	14.550.635,4	26.039.019,9	100,0	9.822.970,4	3,9

(consulta: 24-03-2015)

(1) operacións de residentes que supoñan: (i) participacións en sociedades non cotizadas domiciliadas no exterior; (ii) participación superior ao 10% en sociedades cotizadas domiciliadas no exterior; (iii) constitución ou ampliación de dotacións de sucursais e (iv) outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados no exterior (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 1.502.530,26 euros.

Fonte:Ministerio de Economía y Competitividad, *Datainvex*

3.3.12.

Investimento bruto de Galicia no exterior 2012-14: distribución segundo país de destino

	2012	2013	2014
		(en miles de euros)	
Canadá	-	-	182.640,1
Estados Unidos	111.361,2	81.993,7	108.554,8
Guatemala	-	-	32.234,3
Nicaragua	908,4	-	17.785,3
Honduras	-	-	11.944,9
Ecuador	1,6	-	7.937,0
Brasil	39.753,4	17.191,4	4.946,3
Portugal	26.119,9	7.736,5	4.600,0
Reino Unido	1.718,2	76.544,5	2.728,2
Malta	-	3.742,6	2.009,0
Arxentina	-	-	1.638,0
Mexico	11.570,0	12.903,4	1.209,6
Polonia	486,3	474,2	1.203,2
Uruguay	512,2	778,6	426,0
Bolivia	-	-	258,3
Panamá	77,3	222,4	190,9
Mozambique	-	-	142,2
República Dominicana	976,8	1.342,3	62,0
China	14.961,5	5.725,0	60,0
Perú	2.895,6	1.266,1	22,3
Colombia	769,9	399,5	3,7
Subtotal	212.112,31	210.319,95	380.595,87
Resto países	221.771,83	507.148,43	-
Total	433.884,14	717.468,38	380.595,87

(consulta: 24-03-2015)

Fonte:Ministerio de Economía y Competitividad, *Datainvex*

3.3.13.

Investimento bruto de Galicia e España no exterior 2014: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	*(% / total)*	*(en miles de euros)*	*(% / total)*	*(%)*
Total	380.595,9	100,0	23.478.821,9	100,0	1,6
Actividades inmobiliarias	189.249,1	49,7	346.525,9	1,5	54,6
Construcción de edificios	108.242,4	28,4	24.281,0	0,1	445,8
Pesca e acuicultura	63.602,4	16,7	69.901,4	0,3	91,0
Industria da alimentación	7.937,0	2,1	26.893,8	0,1	29,5
Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	7.384,5	1,9	318.644,6	1,4	2,3
Servizos financeiros, agás seguros e fondos pensións	1.249,8	0,3	16.506.281,9	70,3	0,0
Actividades de xogos de azar e apostas	1.209,6	0,3	1.209,6	0,0	100,0
Comercio maior e interm. comercio, agás vehículos motor	648,9	0,2	152.515,2	0,6	0,4
Actividades de apoio as industrias extractivas	426,0	0,1	0,0	0,0	-
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	280,6	0,1	14.248,0	0,1	2,0
Telecomunicacións	153,0	0,0	132.063,6	0,6	0,1
Actividades administrativas de oficina	109,0	0,0	21.666,8	0,1	0,5
Activid. de Axencias Vaixe, Operadores Tur. Reservas	62,0	0,0	2.524,2	0,0	2,5
Enxeñeria civil	37,9	0,0	1.454.222,1	6,2	0,0
Educación	3,7	0,0	1.378,7	0,0	0,3
Outros	0,0	0,0	4.406.465,2	18,8	0,0

(consulta: 24-03-2015)
Fonte:Ministerio de Economía y Competitividad, *Datainvex*

3.3.14.

acuicultura que representa o 89,3% do investimento estranxeiro no subsector (**cadro 3.3.11.**).

O investimento bruto galego no exterior experimentou unha contracción no último ano do 47% respecto ao rexistrado no ano anterior, para situarse nos 380,6 millóns de euros, o que sitúa a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma que máis investía no estranxeiro no ano 2014. Tendo en conta o incremento do 3,9% do investimento español no estranxeiro, **cadro 3.3.12.**, o peso relativo do investimento galego no total esttal situouse no 1,5%, case a metade da súa importancia no ano anterior.

En 2014 rexístrase un cambio importante no destino do investimento galego, aparecendo Canadá como o país máis importante ao acoller o 48% do investimento (182,6 millóns de euros), situándose Estados Unidos en segundo lugar, co 28,5% do investimento, e a continuación Guatemala, Nicaragua e Honduras, que acollen o 16,3% entre os tres países. A diferenza do ano anterior, onde oito de cada dez euros investíanse nos países da Unión Europea, en 2014 estes países tan só acollen o 2,5% do investimento total (**cadro 3.3.13.**).

As actividades inmobiliarias volven a ser a rama de actividade máis importante en termos de capital investido ao acoller case a metade do total de Galicia. Séguelle a construción de edificios e a pesca e acuicultura, que representan o 28,4% e 16,7%, respectivamente. En conxunto, estas tres actividades supoñen o 95% do investimento exterior galego.

Comparado co investimento realizado polo conxunto do Estado, cómpre salientar a importancia das da pesca e acuicultura, que representa o 96,7% do investimento realizado por España neste sector, así como a construción de edificios e as actividades inmobiliarias, cun 84,7%, e 40,4%, respectivamente (**cadro 3.3.14.**).

Fomento das exportacións galegas

No exercicio 20914, o número total de actuacións do Plan de Fomento das Exporta-

Plan FOEXGA 2013: actuacións

	Accións	Aportacións			
		Total	Xunta	Cámaras	Empresas
		(en euros)			
Total	76	1.452.140,60	874.129,40	-	578.011,20
Misións comerciais directas	46	948.912,23	572.837,46	-	371.074,77
Participación en feiras	12	223.633,05	129.349,39	-	94.283,66
Misións exposicións e encontros empresariais	12	194.291,11	117.246,52	-	77.044,59

Fonte: *Consellería de Economía e Industria*

3.3.15.

cións Galegas (Foexga), dirixidas tanto ao eido da promoción como ao da información e formación en comercio exterior, así como o investimento realizado dentro do devandito Plan, reduciuse en relación ao enmarcado dentro do Plan do ano 2012. Nas 76 accións levadas a cabo no último ano (7 menos que no anterior), cadro 3.3.15., investíronse en torno a 1,4 millóns de euros (un 7,5% menos que no anterior), dos que a Xunta aporta o 60,2%, fronte ao 39,8% das empresas.

As actuacións diríxense fundamentalmente aos países europeos, que acollen o 46,7% das accións, fronte ao 15,2% dos países de América do Norte e Central e o 14,1% e 13% dos países de Asia e África, respectivamente. Salienta o descenso das actuacións dirixidas a América do Sur.

As accións máis importantes no que atinxe ao número, investimento e empresas participantes, son as correspondentes ás misións comerciais directas, ás misións exposicións e encontros empresariais e ás participacións en feiras. En conxunto, estas tres accións acollen o 92% das accións totais realizadas e do investimento total.

Nas 46 misións comerciais directas realizadas en 2013, a meirande parte das mesmas de carácter plurisectorial e outras de carácter especial dos sectores da construción, naval, alimentación, moda e xoiería, participaron un total de 362 empresas e o investimento total ascendeu a 945 mil euros, dos que a Xunta de Galicia aporta o 60,7%, e o 39,3% restante corresponde ás empresas.

Dentro do fomento das exportacións galegas é necesario destacar o papel desenvolvido pola Rede de Plataformas Empresariais no Exterior de Galicia (Rede Pexga) e o Servizo de Licitacións Internacionais (SALT), proxectos desenvolvidos ao abeiro do convenio subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), para o fomento da internacionalización do tecido empresarial galego.

Por un lado, as Plataformas Pexga ofrecen asesoramento e apoio a todas aquelas empresas que queiran introducirse, crecer ou consolidarse nos mercados onde a Rede está presente. Durante o 2013, Pexga Berlín (Alemaña) e Pexga Shanghái (China) uníronse ás once plataformas postas en marcha xa durante os anos 2011 e 2012: Bogotá (Colombia), Bos Aires (Arxentina), Istambul (Turquía), Londres (Reino Unido), México D.F. (México), Miami (Estados Unidos), Moscova (Rusia), Nova York (Estados Unidos), París (Francia), Sao Paulo (Brasil) e Tánxer (Marrocos).

Neste exercicio 2013 a actividade das plataformas, así como a demanda de servizos de asesoramento e apoio por parte das empresas galegas, mantivo o ritmo de crecemento experimentado no ano 2012, contabilizán-

dose un total de 5.914 accións realizadas e servizos prestados polo conxunto da Rede. Gran parte desta actividade corresponde ás oficinas establecidas en Latinoamérica (fundamentalmente Brasil (885), Colombia (652) e México (573)) e no mercado europeo (Reino Unido (865), Francia (621) e Rusia (503)).

En canto ao número de empresas clientas por mercado durante 2013 destacan de novo as mesmas plataformas: Reino Unido (136), Rusia (100), Brasil (93), México (90), Colombia (89) e Francia (88), para un total de 955 no cómputo global.

Por outro lado, o Servizo de Licitacións Internacionais, cuxo obxectivo é apoiar ás empresas galegas no acceso a licitacións internacionais con financiamento de organismos multilaterais e institucións financeiras internacionais, proporcionou ferramentas, formación, asesoramento personalizado e outros recursos de apoio que axudaron ás pemes a achegarse e participar neste mercado.

❑